

Galeduso

A revista do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
Número 10 - Ano 2013


ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia



Educación Social e Educación Ambiental

ÍNDICE

* PARA COMEZAR	
Introdución. Ou por qué falamos de educación ambiental e educación social?	04
* SER E FACER	
Coñecendo a Garabullas	08
Escola Galega de Consumo	11
Estratexia Aragonesa de Educación Ambiental EAREA	18
Educar dende as árbores para as árbores	18
As Corceizas, recurso educativo para un cambio de modelo	22
* CAIXA DE FERRAMENTAS	
A ter en conta	28
Mira, le, escoita	33
Coleccionable	41
* TEMPOS DE EDUCACIÓN SOCIAL	
Educación ambiental en Galicia	44
Axenda 21 Escolar de Galicia	49
* CUESTIÓN DE DEREITOS	
Educar na soberanía alimentaria	55
* DÁNDOLLE VOLTAS	
Educación Ambiental e Educación Social: a necesaria integración	58
Onde están a/s/os profesionais dos Equipamentos de Educación Ambiental na Galiza?	65
Educación ambiental no curriculum formativo da titulación de Educación Social. E ti, que opinas?	67
* CEESG INFORMA	
A súa do Ceesg. Grupo de traballo de Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental	72




Edita:
Colexio de Educadoras e Educadores
Sociais de Galicia
www.ceesg.org
ceesg@ceesg.org
981 552 206

Consello de Redacción:
Ramón Molina Gómez
Sofía Fivero Oveira
Tania Merelas Iglesias

Colabora:
Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística

ISSN: 1696-1730
DL: C-594-02



Para comezar . . .

Introdución

Sofía Riveiro Olveira

“Área de Comunicación e Participación Colexial”



Ou por que falamos de educación ambiental e educación social?

Déronse unha serie de iniciativas institucionais ao longo destes dous últimos séculos que viñeron a asentar a necesidade de tratar a sostibilidade e o medio ambiente desde a concienciación, a acción e a crítica. Así, podemos ver a evolución da educación ambiental (en adiante EA) en función da concepción da problemática ambiental do momento, pasando dunha concepción da educación *para conservar*, a unha educación *para concienciar*, ata chegar á que estamos actualmente que é un enfoque de educación *para cambiar*.

Estas son algunhas desas iniciativas que marcaron liñas estratéxicas na EA:

- **1972 Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente Humano (Estocolmo, 5-16 de xuño).** Este evento trasladou á educación necesidades, realidades e expectativas ata entón pouco ou nada reflectidas no quefacer socioeducativo, ás que se tería que dar resposta -dentro e fóra dos sistemas educativos- con medidas orientadas a concienciar e sensibilizar á poboación acerca do deterioro ambiental e dos seus problemas conexos.

- **1975 Seminario Internacional de Educación Ambiental (Belgrado, 13-22 de outubro).** O seminario concluíu coa aprobación dun informe coñecido como Carta de Belgrado (UNESCO, 1977), que é un dos documentos máis lúcidos e transcendentos dentro da historia da EA. Nel establécense os marcos xerais que afectan á EA como alternativa de alcance mundial: situación do medio ambiente, metas e obxectivos da EA, persoas destinatarias e principios de orientación dos programas de EA.
- **1977 Conferencia Intergubernamental sobre Educación Ambiental (Tbilisi, 14-26 de outubro).** Marcou un fito na historia da EA, xa que se perfilou e completou o seu corpo teórico, así como os principais criterios e directrices que inspirarían todo o desenvolvemento deste movemento educativo nas décadas seguintes.
- **1987 Congreso Internacional sobre Educación e Formación Relativas ao Medio Ambiente (Moscova, agosto).** Defínese un marco referencial de estratexia para o desenvolvemento da EA, que pode servir de guía para o desenvolvemento da EA ou de elemento avaliador.

- **1992 Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento (Río de Xaneiro, 3-14 de xuño).** O Cumio de Río 92 supón sen dúbida un punto de inflexión importante no discurso ambiental vixente, tratando de consolidar unha política ambiental para unha nova sociedade internacional unida polos recursos e os bens comúns e enfrontada tamén a problemas globais que só poden resolverse polo tanto solidariamente. Desta forma, a mensaxe de Río-92 é rupturista, xa que debe implicar cambios non só nos modelos de consumo e produción, senón basicamente no propio modelo de desenvolvemento imperante, que obriga a redeseñar. Satisfacer as necesidades presentes sen poñer en perigo as das xeracións futuras implica protexer o equilibrio xeral e o valor do capital natural, supón que hai que establecer outros criterios e instrumentos de avaliación dos custos e beneficios, e implica, sobre todo, que os recursos deben explotarse e consumirse de forma xusta, equitativa e solidaria entre todas as nacións do mundo. E, nese sentido, será fundamental o papel que a EA ten que desempeñar como instrumento clave para explicalo, difundilo, asumilo e desenvolvelo, en todos os ámbitos e con todos os axentes sociais.
- **2002 O Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sostible (Johannesburgo, 26 de agosto - 4 de setembro).** Este Cumio abriu o camiño para a acción, pero... entre as metas, calendarios e compromisos que se acordaron, non existiu ningunha solución definitiva na loita contra os desequilibrios sociais e a continua deterioración do medio ambiente natural. Non houbo solucións máxicas, pero o que posiblemente si xurdiu foi a comprensión da necesidade de adoptar medidas prácticas e sostidas para enfrontarse aos problemas máis urxentes que existen no mundo.

- **2005-2014. Década da Educación para o Desenvolvemento Sostible.** Revisada na Conferencia Mundial da UNESCO sobre a Educación para o Desenvolvemento Sostible, en Bonn (Alemaña, 2009).
- **2009 5º Congreso Internacional de Educación Ambiental (Montreal, Canadá).** Reuniu a representantes socioeducativos de máis de cen países, onde discutiron novas vías para mellorar o feito de “vivir xuntos-as”. Consolidouse o papel relevante e prioritario da innovación e a investigación en EA.

Sendo educadoras e educadores sociais, esta faceta que outras persoas viñeron marcando e executando, sóanos. O cambio, a transformación, a crítica presente en toda modificación, son elementos propios tamén da educación social. A propia educación social é educación ambiental, polo tanto. Buscamos na Investigación os piares da práctica, e Innovamos para dar a coñecer novas estratexias para un desenvolvemento máis sostible, máis integral e completo. Por iso é importante recompilar da diversidade, para aprender e mellorar.

Non é esta revista un espazo para a confrontación nin a controversia en relación á definición de termos nin de profesionais propios do ámbito, senón para xustificar algo que é de por si argumentado e totalmente defendido, de por que a educación ambiental a entendemos como un eido propio da educación social, polo que, é necesario o noso recoñecemento normativo para poder traballar en rede, desde a EA; e para iso, queremos amosar distintos recursos e iniciativas que xiran arredor dun enfoque socioeducativo respectuoso coa contorna na que se traballa directamente, de maneira integral tendo en conta fauna, flora, contorna e persoas -un todo-, de xeito que os proxectos que se levan a cabo teñen futuro e permanecen nos lugares polo feito de que son sostibles e axeitados.

Hai moitos condicionantes que impiden que se cumpran estas premisas, e así, numerosos equipamentos de EA desaparecen, mingúan en número ou non se chegan a implantar: granxas-escola, pobos-escola, aulas da natureza, aulas forestais, aulas do mar, aulas urbanas, centros de interpretación, centros de información ou de recepción de visitantes, museos-escola, albergues da natureza, ou mesmo os propios Centros de Educación Ambiental.

Atoparemos diversidade de olladas cara a EA e o achegamento a ela nas distintas seccións e artigos, de enfoques e metodoloxías de investigación diversas, e de varios equipamentos e técnicas, pero esta contribución constitúe un paso máis de cara a coñecer e pór en valor a EA. Nunca, unha traba para mellorar o coñecemento compartido neste campo.

Podemos atrevernos a definir, polo tanto, a educación ambiental como *un proceso permanente no que os individuos e as comunidades adquiren conciencia do seu medio e aprenden os coñecementos, os valores, as destrezas, a experiencia, e tamén, a determinación que lles capacite para actuar, individual e colectivamente, na resolución dos problemas socioambientais*



presentes e futuros. Pero tamén quixemos ter as propias conceptualizacións desde os distintos espazos que xeran coñecemento, como pode ser o académico, ben como profesorado ou como alumnado que quere deixar constancia da importancia que ten a necesidade da EA como materia no curriculum de Grao de Educación Social. Acaso iso que definimos de actuar, resolver problemas e traballar valores, non é o que facemos no noso traballo cotiá como educadoras e educadores sociais?

Por iso podemos aseverar que coñecemos do que estamos a falar, a pesares de ser un ámbito moi multi-profesional e pouco regulado.

Outro aspecto característico que vimos a comprobar actualmente é o xiro que se está a dar en canto á abordaxe da EA, do “natural” ao “urbano”, con exemplos como o da Axenda 21, que tamén aparece neste número de Galeduso.

O noso reto, desde o Ceessg: que se siga tratando a educación ambiental, por parte de educadoras e educadores sociais, de xeito sistemático, continuado e non circunstancial. Que así sexa!

Ser e Facer

Espazo dedicado a (re) pensar o papel da educación social no noso entorno máis inmediato, a partir da presentación de diferentes experiencias profesionais que levan anos apostando pola educación no eido ambiental.

Na “Tarxeta de visita” amosamos unha granxa escola que non se quere chamar así, porque vén sendo outra cousa: é un proxecto da Asociación Cultural A Revolta. Seguidamente, no apartado de “Laboratorio Creativo” podemos descubrir distintas experiencias e recursos para traballar a educación ambiental desde a educación social.



Datos de Garabullos (Asociación Revolta Natural):

Nome:

Garabullos

Dirección postal e teléfono:

Lugar da Rega 23

Sistallo (Cospeito-Lugo)

600 03 49 07

E-mail:

asociacion@revoltanatural.org

Tipoloxía:

Asociación

Ano de Fundación:

2012

Algún outro dato de interese,
se é preciso:

Até o ano 2012, Garabullos foi Granxa Garabullos S.L.L.; en 2012, constitúese a Asociación Revolta Natural para dinamizar o proxecto educativo Garabullos (creado en 2005), quedando a instalación base co nome.

Equipo profesional e organigrama:

No equipo directivo figura como Presidenta Patricia Fouce Rodríguez; vicepresidenta: Yolanda Fouce Rodríguez, Secretaria: Salvia Lois Lugilde e como vocais Gonzalo Doval e Eduardo Navarro.

Existe un comité de xestión que define os proxectos a executar, constituído pola Presidenta como Coordinadora Xeral e as persoas que dinamizan cada proxecto aprobado, as cales coordinan o seu.

Como definiríades Garabullos en poucas palabras? (Finalidade, misión e visión, valores...)

O obxectivo do Proxecto Garabullos é contaxiar un sentimento de paixón pola vida en contacto coa natureza.

Que programas e actividades desenvolvedes?

Visitas de achegamento á granxa e bosque, rutas de sendeirismo, campamentos, Ludoteca Natural, visitas escolares (varios programas), observacións na natureza (astronomía, ornitología, micología,...), obradoiros gastronómicos...

Para quen traballades?

Para a sociedade, non temos patrocinios; procuramos que o ente xestor da Reserva (Deputación de Lugo) e outras entidades públicas subvencionen determinados programas para que a xente poida acceder a eles a baixo custe.

Con quen?

Procuramos coordinar forzas con outras asociacións para colaborar en proxectos similares e con empresarios locais que nos proporcionen os recursos necesarios para a realización de actividades (alimentación, visitas culturais, actividades especiais...)

Educación Social e Garabullos.

Que papel ten en Garabullos coa Educación Social? Que aporta a Educación Social aos proxectos de Garabullos?

A educación social é a finalidade de todos os proxectos, xa que a metodoloxía de intervención está baseada en diferentes aspectos educativos que sexan válidos para o desenvolvemento da persoa, a nivel individual e socialmente. A temática principal de cada proxecto pode ser unha, pero está impregnada de aprendizaxes actitudinais e procedimentais da educación medioambiental, para a saúde, para a convivencia, para a cooperación, para o desenvolvemento comunitario,...

Que funcións desempeña unha educadora social nos vosos programas, actividades, etc. ?

Concretamente, a educadora social é quen coordina e supervisa que os proxectos teñan esa finalidade e se desenvolvan cunha metodoloxía baseada no aproveitamento das capacidades, talentos e intereses das persoas participantes. Fomentamos a autoxestión do tempo de lecer, o pensamento diverxente e o aprendizaxe a través da acción empregando os recursos que nos brinda a natureza silvestre do bosque e doméstica da granxa

Dende cando hai contratadas educadoras sociais en Garabullos?

Dende o comezo do proxecto.

Como son as relacións entre os perfís profesionais dentro de Garabullos?

Cada proxecto esixe uns coñecementos técnicos concretos que varían segundo o obxectivo do mesmo, proposto polas propias dinamizadoras/es. O equipo que participa en todo o proceso, dende a planificación ate a execución, pasando inclusive pola promoción, son a xente que ten interese nese proxecto concreto, aprende na interacción coas compañeiras e compañeiros e aporta os seus coñecementos e sobre todo o seu talento para enriquecelo.



Educación Social e Educación Ambiental

O porque da educación social no ámbito da educación ambiental?


Nós cremos que a natureza é un contexto altamente rendible para aprender a ser persoas autosuficientes e críticas co sistema de valores sociais imperante actualmente na nosa sociedade.

Coñecer, respectar e implicarse na conservación do medio ambiente é máis fácil se cultivamos o sentimento de pertenza a el.



A formación inicial e continua en educación ambiental na educación social: realidade e propostas de mellora.

As nosas propostas de aprendizaxe están baseadas nas experiencias vitais das persoas que se relacionan durante o desenvolvemento das actividades. Hai que saber progresar sen minusvalorar as técnicas ancestrais, que aínda que supoñan máis esforzo, son moitas veces máis respectuosas co medio e fortalecen as relacións interpersoais na comunidade.



Que precisa unha educadora/or social para traballar a educación ambiental?

Dende a nosa perspectiva cremos que é preciso ter unha visión integral da educación, se ben podemos dar prioridade a obxectivos que respondan a diferentes misións, entre outras, a educación ambiental; pero temos que contextualizar os procesos de aprendizaxe no entorno no que van ser empregados.

Valoración da situación actual e posibles liñas estratéxicas de traballo

As perspectivas de traballo no ámbito da educación social e medioambiental son moi altas, pero o que resulta complicado é desenvolver proxectos persoais baseados nestes valores por conta allea e con alta continuidade, polo que é necesario ser emprendedora/or e estar sempre propoñendo novas iniciativas que resulten atractivas para particulares e entidades educativas que necesiten un reforzo innovador e motivador para conseguir os seus propios obxectivos educativos.

Laboratorio Creativo

ESCOLA GALEGA DE CONSUMO

Cristina Justo Suárez



ESCOLA GALEGA DE CONSUMO

A Escola Galega de Consumo ten como obxectivo a transmisión de coñecementos, actitudes e habilidades sociais á poboación galega, directamente relacionadas coa sociedade de consumo, baseándose en diferentes temáticas que abarcan desde un consumo responsable no seu sentido máis amplo (responsabilidade económica, social e medioambiental) ata un comercio xusto atendendo á sostibilidade, unha vez máis, económica, social e ambiental.

Do mesmo xeito, a Escola Galega de Consumo promove uns principios que atenden á coeducación da cidadanía fomentando unha actitude crítica fronte ós hábitos máis arraigados, e unhas habilidades que permitan tomar decisións conscientes en tódolos aspectos da súa vida.

Valores como a igualdade, o respecto polo ambiente empezando polo ámbito máis próximo á convivencia, partindo da resolución de problemas propios da sociedade de consumo, o traballo en equipo e un longo etcétera, están presentes en cada unha das accións que se promoven.

Para levar a cabo esta labor a EGC conta cun equipo profesional no que están presentes profesionais da educación social, que desenvolven un servizo no que se integran programas formativos que a través de diversas actividades (obradoiros, charlas, cursos, certames, etc) permiten achegar á cidadanía todos estes valores de forma transversal.



Así, dentro do Programa AKAL, tanto nos obradoiros como nas charlas sobre comercio xusto, etiquetaxe e consumo responsable dirixidos a toda a poboación galega, ou a presentación dos alimentos trabállanse contidos como o consumo, as características dos envases en relación tanto á conservación do produto como a aspectos de sostibilidade ambiental da embalaxe analizando as lendas e selos de calidade ambiental que poidan e deban aparecer. Aspecto importante é a trazabilidade dos produtos, analizada no obradoiro: “produtos con carnet”, que leva consigo unha importante concienciación de responsabilidade ambiental ao analizar o produto desde o momento da extracción da materia prima, o proceso de manufacturado, transporte e comercialización coas implicacións ambientais do proceso.

Noutros programas como LecerConsumo, a Escola Galega de Consumo achega estas mesmas temáticas e outras semellantes aos nenos e nenas nos distintos concellos de Galicia, desprazándose nos meses estivais e por tanto, os contidos xa descritos, trabállanse dunha forma máis lúdica, pero non menos rigorosa.



O programa InfoNadalConsumo, como o seu nome indica, trata as temáticas de consumo no Nadal, caracterizada por un forte consumismo. De forma especial, abórdase a compra responsable de xoguetes analizando todos os aspectos; ambientais, de seguridade e a adecuación dos xogos e xoguetes aos destinatarios e destinatarias, incluíndo aspectos como qué facer cos xoguetes cando xa non nos serven?, ou construír os teus propios xoguetes. Nesta época, desde o Instituto Galego de Consumo, tamén se analizan outros produtos de consumo específico como adornos e alimentos específicos de gran consumo desde o punto de vista da seguridade e a sostibilidade económica e ambiental. Así hai poucos anos realizouse unha campaña sobre o consumo de marisco e o furtivismo nas rías galegas co conseguinte perigo de sostibilidade dos cultivos marisqueiros e da seguridade para as persoas consumidoras.

Outras actividades van desde cursos para docentes e profesionais de consumo ou actividades deseñadas dentro do ámbito escolar e programas específicos solicitados por asociacións de consumidores, ou asociacións de diversa índole (de mulleres, mulleres rurais, veciñais, ...) nos que se recolle en todas elas os aspectos ambientais e a perspectiva de xénero.

Educación ambiental e educación social danse a man na Estratexia Aragonesa de Educación Ambiental EÁREA

Palabras clave: educación ambiental, educación social, formación, capacitación, participación

Jesús de la Osa Tomás¹

A EÁREA, unha Estratexia de Educación Ambiental con máis de 11 anos de vida en constante evolución

A **Estratexia Aragonesa de Educación Ambiental, EÁREA**, é un plan de acción en materia de educación ambiental, elaborado e aplicado de forma participativa, cuxo obxectivo é mellorar a **Educación Ambiental** (EA) en Aragón coa participación de todos. Está promovido e financiado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental do Goberno de Aragón, pero é un proxecto de toda a sociedade aragonesa no que se implicaron numerosas entidades e persoas e que serviu para establecer redes e revitalizar a EA en Aragón.

A EÁREA naceu polo impulso do Libro Branco da EA en España, ao igual que outras moitas estratexias de EA. **Elaborouse** entre 2001 e 2003 por parte de máis de 100 entidades e 300 persoas e deu lugar a un documento consensuado con obxectivos de mellora e liñas de acción estratéxica para 14 sectores. Dende 2004 ten lugar a súa **fase de aplicación** que conta con distintos instrumentos de desenvolvemento e diversos subprocesos que son resultado de

propostas da comisión de seguimento e polo tanto adáptanse ás necesidades e demandas dos participantes. Case 400 entidades aragonesas encóntranse adheridas á EÁREA e concretan formalmente a súa adhesión mediante 100 compromisos para a acción. Pero ademais, son moitas as persoas que coa súa presenza en actividades e convocatorias, nos dan idea do dinamismo que mantén este proceso. Unhas 1.000 persoas participaron nas diversas actividades e accións da EÁREA nestes máis de 11 anos, cunha alta participación e implicación das persoas en todas as accións realizadas.

A dinamización da EÁREA é un proceso continuo, o que permitiu que se desenvolvesen potentes procesos colectivos formativo-participativos como o amplo proceso de **Calidade en EA en Aragón** desenvolvido entre 2008 e 2011 e que permitiu xerar un documento froito do traballo dos participantes.

¹ Técnico en Educación Ambiental en Colectivo de Educación Ambiental S.L. CEAM, Secretaría técnica da EÁREA para o Goberno de Aragón. Contacto: jesusdelaosa@ceam.net • earea@ceam.net • earea@aragon.es

O proceso de Necesidades Especiais e Educación Ambiental en Aragón acerca a educación ambiental e a educación social

Durante 2011 e 2012, en resposta á proposta da **Comisión de Seguimento da EÁREA**, que identificou unha necesidade detectada, desenvolveuse o proceso sobre o mundo das persoas con **Necesidades Especiais e Educación Ambiental**. Isto inclúe as capacidades distintas, as persoas con discapacidade de diferentes tipos, a diversidade funcional, as persoas en risco de exclusión social por diferentes motivos, a integración social e o desenvolvemento comunitario e a súa relación coa educación ambiental. O marco teórico e conceptual do que se partiu é que todas as persoas temos responsabilidades na protección e mellora do medio e oportunidades diferentes para facelo. As persoas e colectivos con necesidades especiais, dificultades de integración e/ou en risco de exclusión social, tamén.

Por iso, o deseño e desenvolvemento de programas de Educación Ambiental en que estean implicadas dá valor ás súas capacidades distintas e á diversidade funcional das persoas para encontrar e adoptar solucións responsables e respectuosas cos problemas ambientais. A través da participación en accións de Educación Ambiental poden recibir un trato individualizado, desenvolver un traballo en grupo activo e participativo e achegar visións enriquecedoras: o mesmo que intenta facer a EA con todas as persoas. Dende a Educación Ambiental, o traballo con persoas con necesidades especiais esixe rigor metodolóxico, coñecemento de novas ferramentas e adaptación á percepción das causas e solucións das cuestións ambientais das persoas e colectivos implicados.



O proceso desenvolveuse mediante tres encontros formativos e participativos ao longo de 2011 e 2012



Este proceso de traballo dá EÁREA articulouse en torno a 3 encontros de 8 horas de duración cada un, (en dúas sesións de tarde de 4 horas cada unha) que tiveron lugar en **La Calle Indiscreta** - Aula de Medio de Zaragoza.

O **I Encontro**, celebrado a finais de 2011, realizou unha introdución ou marco xeral ao mundo das necesidades especiais, para abordar aspectos concretos sobre as persoas con **discapacidade física, intelectual e sensorial-visual**, tanto dende o punto de vista teórico coma de talleres prácticos, da man de varios especialistas. Unha ampla **mesa redonda** sobre **experiencias** específicas en discapacidade e educación ambiental serviu para ampliar a nosa visión e darnos exemplos e ferramentas prácticas. Houbo lugar no I Encontro para **2 obradoiros de traballo activo** entre os **participantes**. O primeiro serviu para recoller a bagaxe e experiencia dende a EA no tema, e culminou coa recollida e exposición de **47 experiencias** realizadas ou coñecidas por eles en que EA e Necesidades especiais se encontraran. Quedou exposto á vista e o intercambio de todos nun particular "ten-

dedeiro" con pinzas. Un segundo **obradoiro** recolleu as **expectativas** de participantes para definir o futuro proceso, os temas a tratar e as súas abordaxes.

O **II Encontro** (outubro de 2012) tratou na súa primeira sesión o tema das **persoas xordas e Educación Ambiental**, mostrando o marco teórico e exemplos prácticos. Toda a sesión contou con intérpretes de lingua de signos española. Finalizamos con iso os temas de discapacidade, para cambiar de rexistro e introducirmos no mundo da exclusión social por outras causas. Así, a segunda sesión dedicouse aos interesantes programas de EA con **persoas privadas de liberdade** existentes en diversos centros penitenciarios. Para rematar a sesión realizouse outro **obradoiro participativo**, coa colaboración do CEES Aragón, no que reflexionamos sobre as **relacións entre educación social e educación ambiental**, os seus ámbitos e funcións e as achegas que a EA pode facer en cada un deles².

No **III Encontro** (novembro de 2012) abordamos na primeira sesión, da man de psiquiatras, psicólogos e educadores sociais e ambientais, o tema da **saúde e a enfermidade mental e o papel que o medio e a EA** poden desempeñar como determinantes de saúde mental e como oportunidade para a **inserción laboral e terapia ocupacional** de moitas destas persoas. A segunda sesión dedicouse a un amplo e diverso abano de interesantes experiencias que, baixo o paraguas común **do desenvolvemento comunitario**, traballan pola integración social utilizando ferramentas ambientais e sociais participativas en barrios e parques das nosas cidades.

²Neste sentido, cabe dicir que o CEES Aragón prestou toda a súa colaboración e está sendo moi activo en tender pontes coa Educación Ambiental, téndose constituído unha comisión de EA no colexio na que se encontran persoas vinculadas á EÁREA. Tamén se traballou na base teórica que sustenta estas relacións entre educación ambiental e educación social e algúns de cuxos sustentos se encontran nos artigos da bibliografía.

Educación ambiental e educación social están máis cerca hoxe en Aragón grazas á EÁREA

Mediante este proceso, intentamos formarnos e capacitarnos neste ámbito, reflexionar colectivamente, coñecer e integrar persoas e experiencias, difundilas e multiplicalas, e ser capaces de xerar algúns recursos útiles para todos. Foi un camiño de encontro, formación, capacitación e construción colectiva sobre o tema con profesionais e voluntarios de distintos ámbitos e algunhas ferramentas específicas, mediante talleres, para reflexionar en grupo sobre diversos aspectos do tema.

Nesta ocasión, o compoñente de **construción colectiva de documentos comúns** (utilizado no propio documento EÁREA ou no proceso de Calidade en EA 2008-2011) non se utilizou e **o peso formativo** foi maior que o participativo, se ben, se utilizaron dinámicas e obradoiros participativos que tamén botaron resultados interesantes.

Os **160 participantes** acumulados (**104 persoas distintas**, xa que moitas teñen participado en varios encontros) valoraron moi positivamente os encon-

tros e o proceso a través das avaliacións participativas realizadas. A nota media global obtida é de 8,2 sobre 10, nun colectivo sempre crítico e esixente.

Tamén serviu para que o mundo das **persoas con discapacidade** e da **educación social** se achegasen á Educación Ambiental e ao proceso da EÁREA. Neste sentido, **30 profesionais** participaron como relatores ou participantes nas mesas redondas de experiencias, achegándoos en moitos casos á educación ambiental e involucrándoos no proceso ao cabo.

Agora, máis de **100 educadores e educadoras ambientais** de Aragón e outras persoas relacionadas dalgún xeito coa Educación Ambiental contan cunha nova bagaxe e un novo marco para comezar a traballar mellor, con rigor e ilusión, neste amplo campo no que se tenderon algunhas pontes coa educación social antes non percibidas. Esperamos con iso crecer profesional e persoalmente como, simplemente, educadores e achegar máis á sociedade.

Bibliografía

Azara M.P. e Mazo, A. (coords.) (2010). Estudio de las funciones en el ámbito laboral de la Educadora y el Educador Social. Colegio Profesional de Educadoras y Educadores Sociales de Aragón.

De la Osa, J. e Azara MP (2012). La educación ambiental es (también) educación social. Comunicación al VI Congreso Estatal de Educación Social.

Gobierno de Aragón. (2003). Estrategia Aragonesa de Educación Ambiental EÁREA. Documento y proceso de elaboración. Zaragoza. Departamento de Medio Ambiente. Gobierno de Aragón.

Gobierno de Aragón (2010). Calidad en Educación Ambiental en Aragón. Trabajando juntos para mejorar la calidad de la Educación Ambiental en Aragón. Zaragoza. Departamento de Medio Ambiente. Gobierno de Aragón.

Gobierno de Aragón. Encuentros sobre “Necesidades Especiales y Educación Ambiental”. Recuperado el 06-02-2013 en: http://www.aragon.es/DepartamentosOrganismosPublicos/Departamentos/AgriculturaGanaderiaMedioAmbiente/AreasTematicas/MA_EducacionSensibilizacion/EstrategiaAragonesaEducacionAmbiental_EAREA/ci.11_Encuentros_necesidades_especiales_edu_ma.detalleDepartamento?channelSelected=0

Iglesias, L. e Meira P. (2007). De la Educación Ambiental a la Educación Social o viceversa. En: Educación Social nº 35, Educación Social y Educación Ambiental: la sostenibilidad como horizonte común.



Educar dende as árbores para as árbores

Anxo Moure

1. A realidade

Se fixeramos unha enquisa, ou levamos de viaxe ata un bosque autóctono galego a un cento de persoas de diferentes idade: estudantes, traballadores, mozas e mozos e sobre todo políticos e os puxeramos a identificar as diferentes árbores da contorna os resultados serían verdadeiramente dramáticos. A experiencia persoal como educador ambiental, a través dos contos sobre as árbores, pódese resumir no continuo descubrimento dun pozo de descoñecemento absoluto en calquera idade dende as nenas e nenos de infantil ata os propios unversitarios incluso en profesionais da educación e como non hai dubida que quen non coñece algo non pode amalo e menos protexelo así estamos cavando unha tumba para o futuro das fragas, soutos... desta terra e para o noso propio futuro. O drama neste país non é o nulo descoñecemento do

inglés ou do chinés, o verdadeiro problema é o descoñecemento da lingua propia, desa na que falan dende milleiros de anos as árbores. Precisamos raíces para medrar como pobo dun xeito sustentable, como o fixeron ao longo de xeracións os nosos avós que sabían distinguir os cantos dos paxaros, o nomes da chuvia, as formas das nubes e o mesmo movemento dunha o outra folla dun carballo, dun amieiro, dun bidueiro cando as fai falar o vento. Fronte a iso, fronte aos proxectos educativos como o “abalar” de inzar de ordenadores a unhas alumnas e alumnos que xa viven pendentes todas as horas do día da carreira tecnolóxica precisaríamos un proxecto “arbolar” ou “arvorear” para abrir as xanelas da escola, pero tamén as xanelas dos despachos administrativos, dos centros de poder a esa fala das árbores.

2. Os carballos con botas

Dende fai 25 anos (no ano 1989 entramos na nosa primeira escola),co proxecto Carballo con Botas levamos percorrido mais de 1.000 escolas, prazas, parques, bibliotecas..., e falo de levamos porque imos dous, eu que son unha persoa sen formación académica pero que dende que era cativo empezou a subirse as cerdeiras descubrindo que era unha especie de universidade forestal na que aprendín practicamente todo e o meu compañeiro un carballo que naceu dentro dunha bota vella, símbolo da reciclaxe, da reforestación e un canto profundo ao antimilita-

rismo (a bota vella é a dun soldado que non quería ir a guerra). Son centos de miles de nenas e nenos de Galiza, Portugal, Asturias, o Pais Vasco, Madrid, Castilla la Mancha, O Bierzo..., que escoitaron e escoitan cada ano as nosas historias. Son xa hoxe as fillas e fillos das primeiras nenas e nenos os que seguen escoitando unha reivindicación educativa e ambiental con forma de conto, de historia, e cun claro obxectivo, dotar ao bosque dun realismo máxico para que o sintan vivo, con personalidade, propio, atractivo e con ganas de coñecelo e defendelo. Pedagoxica-

mente só entendendo esa convivencia dun con outro, do ser humano co bosque que lle da alimento, vida, osixeno, mantenza e futuro, poderemos artellar unha viaxe ao futuro. Si a educación ambiental é a que permanece no tempo creando conciencia podo definir como de profunda educación este proxecto que amosa os seus réditos cando despois de anos encontras a unha persoa que xa loita no campo da defensa do medio ambiental e te lembra de que nunca esquecerá cando de cativo, na educación infantil, chegaba a bota vella co carballo a súa escola. Fora de que tamén é un proxecto real de repoboación forestal xa que os carballos despois de percorrer escolas volven a darlle vida ao bosque en campañas de plantación, hoxe hai moitos carballos en bosques que primeiro fi-

xeron sorrir e ensinaron a amar a natureza a miles de nenos. De feito é curioso o proxecto, as propias botas do contacontos coas que camiño polos montes e entro nas escolas pasados os anos volven entrar pero cunha árbore xa dentro, a reciclaxe total, a imaxinación sen límites. O proxecto Carballo con Botas é unha pequena mostra pero poderían ser moitísimas máis, por exemplo o aproveitamento das árbores que existen nos centros escolares dándolles a función de mestras e mestres. A creación de viveiros de planta autóctona en cada centro escolar. O sendeirismo como recurso pedagóxico de achegamento ao mundo da árbore., e moitas outras. Pero o máis importante deixar simplemente abertas as cancelas da imaxinación para a educación.

3. O proxecto “Contos na Casa das árbores”

Recoñézome un verdadeiro apaixonado dunha historia intemporal que sen dúbida podo definilo como o meu libro de cabeceira, chámase “O barón rampante”, un clásico da literatura fantástica, dese propio realismo máxico de Italo Calvino, a historia dun mozo que decidiu subirse as árbores e nunca baixou delas. Pois eu soñei ser ese barao trepador (na versión portuguesa que adquirín en Braga despois de contar contos na livraria Centésima Pagina). Como creo que temos a obriga irrenunciable de facer os soños realidade un día convencemos a un carpinteiro de ribeira Fernando Ibarra para que elevase o

noso soño as alturas da copa dunha árbore. Enriba dun castiñeiro e dun carballo naceu esta casa-escola, con terraza para cociñar e comer contos (porque os contos alimentan a imaxinación por iso hai que comelos) para escoitar falar as árbores, unha biblioteca con máis de cen libros sobre o mundo forestal, un espazo onde pasar a noite e durmir enriba das árbores, un lugar onde poder merendar ou durmir unha sesta, un espazo que tamén é cabina radiofónica cunha colaboración semanal na Cadea Ser da provincia de Lugo. Pero o máis importante unha verdadeira escola, ou unha universidade como as

cerdeiras da miña infancia, onde aprender unha das leccións máis importantes para o noso futuro como seres humanos, a harmonía co contorno natural. Rodeado de 32 especies diferentes do bosque autóctono galego ata aquí se achegan familias, nenas e nenos, mozas, adultos que queren subirse a ese soño que é o de todas e todos, unha experiencia que deberá ser de obrigado cumprimento (incluso se celebran cumpreanos enriba da árbore, a celebración dun aniversario pode ser tamén unha ferramenta pedagóxica de achegamento a árbore). (Apuntamento cinéfilo-reflexivo) Nunha película de Theo Angelopoulos, un político de éxito sobe á tribuna do parlamento para pronunciar un discurs-

so, a xente expectante queda abraiada, o político simplemente garda os papeis do discurso e di “As veces é necesario parar para escoitar a música que ven despois do son da chuvia”. Pois iso é a casa das árbores a posibilidade de parar para escoitar esa música tan singular, esa orquestración sinfónica de bidueiros e aciñeiras, esa danza dos érbodos e os freixos. Algo que tamén é a reivindicación dun grupo de educadores que se poden encadrar dentro dun movemento artístico poético semellante ao “situacionismo” pictórico, parar as actividades cando aparece a chuvia, abrir as xanelas e que as nenas e nenos interpreten esa fala da auga caendo na esperanza das nosas vidas.

4.- “A Ciclobiblioteca”

Non hai dúbida que se pode educar ambientalmente doutros moitos xeitos, un deles é o libro e outro a bicicleta. O libro ven da árbore e a bicicleta non mata ás árbores cos seus fumes, así que libros e bicis deron lugar a “CICLO-BIBLIOTECA” un proxecto de educación ambiental que constrúe enriba dun ciclocarro danos unha verdadeira biblioteca con rodas que se asenta en praias, parques e prazas para levar libros sobre o coidado do medio ambiente a toda a xente que os queira ler.

5.- “A Titiricleta”

Títeres tecidos por cooperativas de mulleres do comercio xusto en Bangladesh, India, Guatemala..., que viaxan nun triciclo alemán cargados de historias solidarias que falan da igualdade de xénero, da cooperación, do antimilitarismo...

6.- “O pescador de contos”

E a Xacia Luviñas, viaxan arrastrando polas vilas e cidades, unha barca tradicional do río Miño, un batuxo, para ensinar a pescar os contos que escapan dos ríos por culpa da contaminación. Existe tamén na casa árbore un Bar-Columpio, un columpio feito cun batuxo, barca tradicional do río Miño.



7.- “A editora 2Teixos”

Unha editora de libro “plantabosques”, por cada libro unha árbore plantada que soa ou en colaboración con Sotelo Blanco ten editados ou distribuídos estes libros en papel reciclado.

- “O Carballo con Botas” (destinados os dereitos de autor aos proxectos do bosque da Federación Ecoloxista Galega)
- “A Xacia Luviñas” (destinados os dereitos de autor ao proxecto ríos de Adegas)
- “Plantarse”
- “As árbores da paz”
- “As magas da liberdade”

Como resumo para describir a educación ambiental contaríavos esta historia que é tamén unha homenaxe a un gran educador ambiental que fai anos nos deixou para ser un barqueiro dos neboeiros. Matías Rodríguez do grupo CEDENAT e Veterinarios Sen Fronteiras, porque sen dúbida para min ser educador ambiental ou facer educación ambiental é traducir o soño das árbores á fala dos humanos. Podes velo na sección Coleccionable desta mesma revista.

As corcerizas, recurso educativo para un cambio de modelo

Paula Vidal

“ O Centro de Educación Ambiental As Corcerizas é un proxecto transformador creado por Amigos da Terra, co reto de demostrar a viabilidade e importancia de poñer en práctica un proxecto educativo cun equipamento en total coherencia socioambiental, e impulsar o desenvolvemento de novos modelos de convivencia, sustentabilidade e respecto. ”

O Centro deseñouse seguindo a filosofía de Amigos da Terra, e cun importante matiz diferencial, pois apostouse porque o propio equipamento constituira en sí mesmo un recurso educativo exemplar, incorporando na súa construción aqueles principios que servirían de base ao seu proxecto educativo, e que a súa vez son coherentes cos principios dunha asociación ecologista cun fondo compoñente de compromiso social. Eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables, bioconstrución, depuración de augas cun filtro biolóxico, compostaxe, alimentos ecolóxicos e locais, e defensa e revalorización do ecosistema forestal da Serra de San Mamede, son os principais ingredientes que puxeron en marcha esta iniciativa que a día de hoxe conforma un recurso para desenvolver as políticas de Amigos da Terra e outros colectivos afíns ao ideario ecologista. Defender alternativas para poñer freo aos máis graves problemas ambientais que afectan ao en-

torno local e global é posible, demostrando que dende a práctica e a acción podese formar parte das propias solucións. Na actualidade, a histórica falta de recoñecemento da educación ambiental vese acuciada pola xeneralizada “crise económica”, que evidencia a pobre posición dos criterios ambientais e educativos na escala de valores da nosa sociedade. O resultado é a alarmante situación que está vivindo a Educación en xeral e a Educación Ambiental na sociedade galega en particular: recorte de actividades e recursos, peche e infrautilización de equipamientos públicos, etc. Esta situación evidencia a necesidade de que perduren proxectos transformadores, que xeneren reflexión e reacción social para crear novas liñas estratégicas, sinerxias e fortalecemento do traballo en rede. As Corcerizas constitúe un proxecto colectivo, e como tal vai evolucionando e adaptándose constantemente segundo o contexto ecosocial no que se atopa.

Nestes últimos anos potenciáronse os elementos diferenciais do proxecto: coherencia do equipamento, implicación do equipo, calidade nas actividades, potenciación do pensamento crítico e a posibilidade de comprobar e experimentar en persoa os criterios e contidos ambientais defendidos.

A día de hoxe As Corcerizas é xa un equipamento recoñecido, e aínda que en constante crecemento, é considerado como referente para a posta en marcha doutras iniciativas.

Acaba de ser recoñecida como unha das tres gañadoras do concurso internacional de Hostelling International, que ten como finalidade a conservación e o respecto polo medio ambiente. O premio, dirixido a mellorar o patrimonio natural a través da redución de emisións de carbono, permitirá dar continuidade ao proxecto de soberanía enerxética de As Corcerizas e a súa divulgación, a través das seguintes accións:

- Instalación dun pequeno muíño eólico
- Monitorización de todas as enerxías alternativas: eólica, solar fotovoltaica e microhidráulica
- Construción de muros radiantes de barro crú como sistema eficiente de calefacción
- Posta en marcha dun programa escolar que permita coñecer e divulgar estas alternativas

Este premio constitúe para Amigos da Terra un recoñecemento ao traballo de todas as persoas que coa súa profesionalidade, esforzo e motivación conseguiron sacar adiante un proxecto 100% renovable e democrático. Así se pon de manifesto a viabilidade dun centro autoxestionado que funciona á marxe da rede eléctrica. Queremos dar as grazas a todas as persoas que apoiaron a As Corcerizas e que fixeron e siguen facendo da utopía unha verdadeira realidade.





Edificios eficientes no uso da enerxía: Bioconstrución

As instalacións constan de Aula, Comedor e Albergue con capacidade para 45 persoas.

No deseño e construción do Centro aplicáronse técnicas e criterios que incorporan sistemas produtivos eficientes e aforradores de enerxía; materiais saudables e respetuosos co medio en todos os momentos do seu ciclo de vida (produción, utilización, eliminación), elaborados no territorio próximo e respetando os usos tradicionais.

Minimización dos residuos

Promóvese a participación activa e consciente dos/as usuarios/as na minimización dos consumos enerxéticos e na redución dos residuos xenerados.

Preténdese reducir ao máximo posible a produción de residuos en todo o ciclo de vida dos produtos, mediante compras a granel e co mínimo embalaxe posible, de baixo impacto, priorizando o reutilizable; tendo en conta a súa pegada ecolóxica.

Dentro da xestión de residuos levada a cabo no propio centro, cabe destacar a compostaxe dos restos orgánicos; e a depuración biolóxica das augas residuais mediante a utilización dun sistema de plantas acuáticas en flotación: Filtro de Macrofitas en Flotación (FMF). Un sistema de depuración que non require de aporte enerxético nin dependencia exterior.



Unha illa enerxética a base de Renovables

O sistema enerxético de As Corcerizas é totalmente independente da rede eléctrica convencional, conformando o que se coñece como “illa enerxética”. Toda a produción provén exclusivamente de enerxías renovables, demostrando a viabilidade e beneficios da diversificación das fontes de produción local:

- Enerxía solar fotovoltaica, que nos proporcionan 6 Kw de electricidade
- Enerxía solar térmica, para auga quente sanitaria e apoio ao sistema de calefacción
- Enerxía hidráulica: microturbina que produce de media 6 Kw de enerxía eléctrica
- Biomasa: caldeiras que abastecen ao albergue, comedor e aula de auga quente para uso sanitario e para calefacción.

Unha das grandes complexidades do suministro eléctrico é a dificultade de almacenar enerxía. Así, a electricidade xenerada en momentos en que hai sol ou auga, almacénase nas “casa das enerxías”, mediante baterías estacionarias para os momentos en que os equipos non sexan suficientes para cubrir todas as necesidades eléctricas. Deste xeito controlase a distribución da enerxía xenerada coas distintas fontes renovables.



Entorno natural

O proxecto de As Corcerizas desenvólvese nun entorno rural, dentro do ecosistema forestal da Serra de San Mamede, zona L.I.C (Lugar de Importancia Comunitaria) Macizo Central Ourensán, no suroeste da provincia de Ourense.

Este espazo protexido de alta montaña resulta excepcional para a presenza de diversidade de especies vexetais, tanto de tipo mediterráneo como de tipo atlántico, o que lle confiere unha excepcional biodiversidade.

Polo seu alto valor ecolóxico, óptimo estado de conservación e pola súa rareza, destaca o L.I.C. Bidueiral de Montederramo, unha das fragas de bidueiros situados máis ao sur de Europa; considerado como un dos bosques máis importantes da provincia de Ourense.

Qué ofrece as corcerizas

Pódese disfrutar dun aloxamento de calidade co Servizo de Albergue, e/ou participar en diversos Programas de Actividades Ambientais:

- Formación e divulgación ambiental
- Programas educativos dirixidos a escolares, universitarios e centros de formación profesional
- Actividades de sensibilización: xornadas de portas abertas, conferencias, rutas interpretativas pol entorno da Serra de San Mamede e actividades etnográficas
- Accións formativas: cursos, seminarios, xornadas técnicas
- Actividades para favorecer o encontro e intercambio de experiencias: congresos, seminarios internacionais

Información e reservas:
info@ascorcerizas.com
www.ascorcerizas.com

Amigos da Terra en Ourense:
988 374 318

Albergue de As Corcerizas:
988 302 403



Caixa de Ferramentas

“Cando a reflexión ten vontade de transformar a realidade que nos rodea debe ter un impacto ineludible nas prácticas profesionais que levamos a cabo, e para actuar precisamos dunha bagaxe de ferramentas que dean soporte á nosa acción.”

No apartado “A ter en conta” presentamos referencias legislativas e bibliográficas básicas no eido da educación ambiental. En “Mira, le, escoita”, recolleemos unha proposta de materiais para ser empregados dende a educación social: un filme, un libro e unha canción que dan bo pé para reflexión e ao debate. E finalmente, como “Coleccionable” incluímos un fermoso conto, que lles encantará a nenos e nenas.



1 Calvo, Susana e Gutiérrez, José (2012):

El espejismo de la educación ambiental. Madrid: Morata

Un ensaio de carácter propositivo: analiza que foi e que é a educación ambiental na actualidade (traxectoria) para iluminar como afrontar as ameazas ambientais de carácter global e local. Un libro para profesionais con coñecemento na materia.

5 Meira, Pablo A. E Pardella, Miguel (Coord.) (2010):

O Proxecto Fenix. Proceso de Diagnóstico e Actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental. A Coruña: Xunta de Galicia.

Obra imprescindible para calquera profesional que queira coñecer o estado da educación ambiental na Galiza. A obra está composta por 6 volumes. Solicitar exemplares (de balde) á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

2 Delanty, Gerard; Sureda, Jaume e Franquesa, Teresa (2008):

Community: comunidad, educación ambiental y ciudadanía. Barcelona: Graó

Libro imprescindible para as persoas que queren abordar programas de educación ambiental desde a acción comunitaria e as prácticas socioeducativas.

6 Sampedro, Yolanda e García, Javier (2009):

Un viaje por la educación ambiental en las entidades locales. Madrid: Organismo Autónomo de Parques Nacionales.

No Libro Blanco da Educación Ambiental en España establécense pautas e principios básicos para o desenvolvemento de prácticas neste campo. Este libro recolle experiencias que os autores consideran referentes de boas prácticas. Pódese baixar de forma gratuíta (http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/recursos/documentos/serieea/viaje_entidades_locales.aspx)

3 Escudero, Clotilde; Óliver, Miquel e Serantes, Araceli (Coord.) (2013):

Los equipamientos de educación ambiental en España: estudio desde el Seminario de Equipamientos de Educación Ambiental del CENEAM. Madrid: Organismo Autónomo de Parques Nacionales.

Recente estudo que caracteriza aos equipamentos de educación ambiental e aos profesionais que traballan neste ámbito antes da actual crise. Interesante caracterización e interesante reflexión, con propostas, sobre a problemática da profesión.

7 Weissmann, Hilda e Llabrés, Antonia (2004):

Guía para hacer la Agenda 21 Escolar. Madrid: Organismo Autónomo de Parques Nacionales.

Guía metodolóxica clara e concisa para que calquera persoa interesada poida levar adiante unha Axenda 21 Escolar, ou dito doutra forma, un compromiso de participación dende a comunidade educativa para xestionar os centros escolares de forma sostible.

4 Mayer, Michela; Breiting, Soren; Varga, Attila e Morgersen, Finn (2009):

Educación para el desarrollo sostenible: tendencias, divergencias y criterios de calidad. Barcelona: Graó

Estes autores ofrecen unha visión xeral da educación ambiental en Europa e ofrecen unha serie de criterios “de calidade” para introducir nas prácticas educativas de cara ao desenvolvemento sustentable.



1



2



3



4



5



6



7

**1 CENEAM
(Centro Nacional de Educación Ambiental)**

É o centro de referencia a nivel estatal e ofrece numerosos recursos: formación, publicacións, materiais etc. Interesante e de calidade a súa oferta formativa (de balde). Recomendable a “Carpeta Informativa del CENEAM”, publicación mensual on-line.

<http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/>

**2 CEIDA
(Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia)**

Centro de referencia para a educación ambiental en Galicia. Como o CENEAM, ofrece numerosos servizos (formación, publicacións, centro de documentación, programas con escolares...)

<http://www.www.ceida.org/>

**3 SGEA
(Sociedade Galega de Educación Ambiental)**

Trátase da asociación de referencia para a educación ambiental na Galiza, formada por persoas individuais. Participa nas redes e foros máis importantes a nivel estatal e internacional (FEEA, Seminarios do CENEAM, Congresos e Xornadas etc.) Información moi interesante sobre o sector (empresas, equipamentos para a educación, asociacións...)

<http://www.www.sgea.org/>

**4 FEEA
(Federación de Entidades de Educación Ambiental)**

Constituída no 2008 por 6 asociacións de carácter autonómico, esta Federación é hoxe en día a organización máis representativa do sector, na que participan as asociacións de Andalucía, Madrid, Castela e León, Cantabria, Comunitat Valenciana, Extremadura, Illas Baleares, Galicia e Cataluña.

<http://federacioneducacionambiental.blogspot.com.es/>

**5 Nerea-Investiga
(Asociación Internacional de Investigadores en Educación Ambiental)**

Asociación de carácter profesional creada no ano 2006 no marco do V Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental no Brasil, como espazo de encontro e divulgación entre as e os investigadores.

<http://www.nerea-investiga.org/>

**6 AmbientalMENTE sustentable
(Revista Científica Galego-Lusófona de Educación Ambiental)**

Esta revista de carácter semestral é a única de carácter científico que se edita en galego (non hai ningunha en castelán na actualidade).

<http://www.ambientalmente.es/>



1



2



3



4




5



6

- Resolución do 3 de outubro de 2000 pola que se publica a Estratexia Galega de Educación Ambiental (DOG 23/10/2000)
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2000/20001023/Anuncio128CA_gl.html
- Decreto 32/2001, do 25 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro Xeral e Centros de Educación Ambiental de Galicia e se regulan as condicións de inscrición (DOG 14/02/2001)
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010214/Anuncio2DA6_gl.html
- Orde do 28 de marzo de 2001 pola que se aproba a Carta Galega de Calidade dos centros de educación ambiental (DOG 09/04/2011)
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010409/Anuncio62FE_gl.html
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza (DOG 04/09/2001)
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2001/20010904/AnuncioE1EA_gl.html
- Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (DOG 9/05/2007. Modificación e actualización no DOG 12/08/2011, co Decreto 167/2011, do 4 de agosto)
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20070509/Anuncio141BE_gl.html
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110812/AnuncioC3H1-050811-5238_gl.html
- Decreto 148/2007, do 19 de xullo, polo que se determina a creación, composición e funcionamento do Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia (DOG 2/08/2007)
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20070802/Anuncio2CCCA_gl.html
- Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se crea o Rexistro de entidades de carácter ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 12/12/2007)
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20071212/Anuncio4E1D2_gl.html
- Decreto 260/2007, do 13 de decembro, polo que se crea o Observatorio Galego da Biodiversidade e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento (DOG 14/01/2008)
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080114/Anuncio18A2_gl.html
- Decreto 193/2012, de 27 de setembro, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental (DOG 4/10/2012)
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20121004/AnuncioCA02-280912-0005_gl.html

“ Así aos poucos medrou o Imperio Romano ata que foi segado pola bárbara man que só deixou del antigos restos que agora cada quen saquea: como o respigadeiro que paseniñamente recolle aquilo deixado atrás polo segador Joachim du Bellay “Les Antiquités de Rome” ”



Ficha técnica

Título orixinal:

Les glaneurs et la glaneuse

Nacionalidade:

Francia (2000)

Dirección, produción e guión:

Agnès Varda

Música:

Joanna Bruzdownicz, Isabelle Olivier, Agnès Bredel, Richard Klugman

Fotografía:

Stéphane Krausz, Didier Doussin, Pascal Sautet, Didier Rouget, Agnès Varda

Duración:

82 min.


Cando fai uns meses estaba enfrascado na organización dun ciclo de cine sobre diversas temáticas relacionadas coa educación, comecei unha extensa procura de películas, tanto entre a miña colección como na dos fondos das bibliotecas públicas de Galicia. A miña intención era realizar proxeccións de cintas que abordaran distintos aspectos relacionados coa educación, tanto dende o seu punto de vista institucional, como non institucional. Nesa procura atopei películas de todos os tipos e calidades: filmes documentais, de ficción, históricos, etc. Quería abordar as diferentes facianas que podía ter o feito educativo, as diferentes cuestións de peso que deberían ser ineludiblemente abordadas, polo que finalmente me fixen con bastantes películas de temática diversa (escola, exclusión social, xénero, etc), pero faltábame un tema: a cuestión ambiental. Afortunadamente alguén me recomendou esta película: Os respigadeiros e a respigadeira e o fixo acompañándoo dunha frase lapidaria: “para min é o mellor filme xamais rodado sobre temática ambiental”. Coido que despois de vela, non puider senón coincidir nesa afirmación.

Les glaneurs et le glaneuse, no seu título orixinal en francés, é unha produción do ano 2000, dirixida por Agnès Varda, célebre autora da Nouvelle Vague, responsable de títulos como Salut les cubains ou Cléo de 5 à 7. Este filme non ten moito que ver con outras películas que poderíamos relacionar coa temática ambiental, como pode ser An Inconvenient Truth de Al Gore, que facilmente poderíamos situar nas antípodas desta que nos ocupa. A cinta de Varda é completamente allea á espectacularidade e o artificio do cine documental convencional.

É simplemente unha mirada persoal, subxectiva. Unha cámara e unha muller a través de Francia. Unha “respigadeira” de imaxes.

Probablemente, o termo “respigadeiro” ou “respigueo” soará a máis dunha lectora/or que teña paixón pola arte, non en van As respigadoiras de Jean-François Millet, é un dos cadros máis recoñecibles do Realismo francés. Esta obra, pertencente aos fondos do Museo de Orsay de París é o punto de partida dende o que comeza o filme de Varda. Nese momento, explícasenos o que é o respigueo. Unha práctica, un dereito secular dos máis desfavorecidos para levar o gran sobranse da colleita. Esa é polo tanto a premisa que leva a Agnès Varda a recorrer Francia cámara en man, na procura de quen aínda na actualidade, segue a practicar esta actividade.

Varda atopa no seu camiño numerosas respigadeiras e respigadeiros, quen sexa por necesidade (na súa maioría) ou por afección (na súa minoría), levan a cabo esta secular actividade. Mais as respigadeiras/os do filme pouco teñen que ver co que se amosa no óleo de Millet. No primeiro caso, son maioritariamente persoas illadas, excluídas. Son persoas como o camioneiro que fala co seu amigo na caravana do campamento xitano, mentres bebe, fuma e fala do pasado e da derrota. Fala de como perdeu á súa dona e aos seus fillos. Despois disto vésele buscando comida. Respiga nos contedores. Froita, queixo, verduras e incluso algo de peixe. “Non importa ensuciar as mans, logo as lavas”, di. Semella satisfeito coa comida recollida do lixo, que compartirá co seu amigo. Tal como mostra a película, as respigadeiras/os da contemporaneidade sono dunha sociedade do usar e tirar, na que existen infinidade de persoas que non poden permitirse unha alimentación digna, e que se ven na necesidade de recoller os alimentos que xa ninguén quere. Dese xeito, é habitual ver tamén nos nosos barrios cada vez a máis persoas que recollen os alimentos que tiran os supermercados, que respigan entre os contedores algo para levarse á despensa. Non podo deixar de lembrar os versos de Du Bellay, cando na súa obra Les Antiquités de






Rome fai referencia aos restos calcinados dunha Roma idealizada, na cal despois de ser segada “pola bárbara man”, soamente quedan despoixos que son recollidos paseniñamente por respigadeiras e respigadeiros. É fácil ver, no momento que estamos a vivir, a quen corresponde a “bárbara man”.

Mais non soamente atopamos respigadeiras e respigadeiros. Polo filme tamén desfilan persoas que recollen todo tipo de cousas: mobles, electrodomésticos, xoguete... Artistas, que crean e recrean na reciclaxe, que lle dan vida a aquilo que xa non lle serve á opulenta sociedade do “usar e tirar”, recuperando e creando as veces obras evocadoras, grotescas, ou simplemente fermosas, que non son senón o reflexo da súa personalidade, o reflexo de quen non segue a “corrente principal” da sociedade que nos leva a obviar o “usado” o “gastado” ou “o vello”. En definitiva, persoas peculiares, únicas. Persoas tamén como o viticultor psicoanalista, o chef de renome que recolle herbas e froitas nos campos, ou incluso o home que vive da comida que respiguea de entre os restos dun mercado de froitas e verduras, mentres pola noite adicase a ensinarlle gratuitamente a ler e escribir a inmigrantes, erixíndose como un auténtico respigadeiro educador. Ese tipo de persoas que nunca saírían nun filme de Hollywood, pero que sen embargo si teñen cabida en propostas máis alternativas, como é o caso que nos ocupa.

E por suposto persoas como a propia directora da cinta. Unha rapaza de nada menos que 72 anos, que recorre sen descanso as concorridas autoestradas do país, na procura de historias e imaxes que respigar. Porque neste filme a propia Agnès convértese tamén (tal como explicita o título da película) nunha respigadeira, poñendo a súa mirada, a súa cámara, sobre aquelas realidades que habitualmente adoitan pasar desapercibidas, sobre as realidades que adoitan ser desbotadas, tiradas ao lixo. Tamén se enfoca, como

non, a si mesma. A súa mirada, o seu pelo, e as súas mans envellecidas. A súa casa, o seu gato, as gotei-ras do seu teito e os souvenirs dos seus viaxes. Varda non ten problema algún en amosar explicitamente o enfoque subxectivo do seu documental, a mirada persoal e parcial da súa obra. Ela non intenta convencer, non intenta facer crer en nada, simplemente amosa as diferentes realidades que atopa no seu camiño, as diferentes cores, luces ou incluso aromas que descobre a través dos campos, das estradas e das cidades.

En conclusión, Os respigadeiros e a respigadeira é un filme que quizais poderíamos definir como de temática socio-ambiental, mais coído que esa etiquetaxe lle queda un tanto estreita. Realmente é un documental que vai moito máis alá do que van a maioría de propostas similares. Esta diferenza atopámola non só a nivel narrativo ou temático, senón sobre todo a nivel estético. A fotografía, a posta en escena e a cuidada montaxe fan desta película un filme no que sobresaie o bo facer artesanal da directora, unha auténtica veterana e supervivente da que ten sido, para moitos, a mellor época do cine francés. En definitiva, podemos considerar esta película como unha estupenda elección á hora de traballar no eido educativo, xa que é unha cinta de considerable calidade artística e sen concesións ao comercial, a redor da cal pódense debater e interrelacionar temáticas referidas a conceptos como o consumismo, a reciclaxe, ou exclusión social, temas de gran vixencia na actualidade e cun grande potencial para traballar en dinámicas de cine-fórum.



Giono, Jean (2000):

El hombre que plantaba árboles.

Barcelona: Duomo Ediciones.

O home que plantaba árbores.

A Coruña: Galaxia.

Delicioso libro recomendado para calquera público. Un exemplo de cómo a vontade fai posible utopías, de cómo os proxectos individuais poden ser transformadores do mundo, das utopías e da responsabilidade das persoas co planeta. Tan curto como intenso, tan emocionante como suxestivo, tan optimista como realista.

Esta novela foi escrita por Jean Giono no 1953. Eleazar Bouffier, a personaxe que planta aciñeiras, é froito da imaxinación do autor, máis para calquera lector se trata dese ser imprescindible, que todos soñamos con que exista, que calquera de nós poderíamos ser.

Recomendamos a edición en galego polas ilustracións de Jacobo Fernández; recomendamos a edición da editorial Duomo en castelán polo seu prólogo (José Saramago) e seu epílogo (Joaquín Araujo).



Galiza Chamiza

O cambio climático xa está aquí
O cambio climático xa está aquí
Certo que tivemos tempo para paralo
pero agora temos tempo pra tomar o sol
Faremos en Xinzo un novo Las Vegas
Faremos de Compostela un novo Salou
Un parque temático nas Fragas do Eume
Quen quere auga puidendo ter sol?!
Malo será, malo será
que non caia máis pasta do goberno central
agora imos ser por fin un máis
na política turística peninsular.
Tanto lío coa lei de costas e ao final
sube 25 metros o nivel do mar
Na profundidade chaletitos madrileños
cos pés a remollo na sala de estar.
E a miña avoa e catro indíxenas máis
morrerán cos segredos da terra e do mar,
pero as mozas que quedemos habémonos adaptar
parindo galeguiños cor chamizo tropical.

Galiza chamiza
Mamá África na terra da nabiza
Galiza chamiza
sacaremos o saio
por fin antes de maio
Adiós ríos, adiós fontes, adiós regatos pequenos
a Dios heille dicir tres cousas,
xa non sei se nos veremos.
Dis que creaches ao home e a nós da súa costela,
diche co tal, amigo, para gobernar a terra!
Sintetizaremos lacón con grelos
e da pílula máxica extraeremos
unha nova especie á nosa imaxe,
que limpe esta cochiquera
e a faga menos fea!!
Galiza chamiza
Mamá África na terra da nabiza
Galiza chamiza
sacaremos o saio
por fin antes de maio



Iseo, de Sacha na Horta

A preocupación polo medio ambiente é un dos tópicos no imaxinario de Sacha na Horta. É unha das cuestións que nos poñen os pelos de punta e polas que afiamos o sacho tódolos días. A nosa maneira de contribuír a crear conciencia sobre os temas que nos importan é crear retrousos pegañentos que se instalan nos cerebros cando menos o esperan, en plena verbena.

En Galiza Chamiza o cambio climático deixa de ser un murmuro incómodo das mentes retorcidas e supersticiosas para ser xa unha realidade que está transformando o noso medio: “Mamá África na terra da nabiza”. Pero a retranca entra en xogo para advertir que nin isto sería enfocado publicamente como un problema por aqueles que agora negan o cambio climático ou calquera outra incidencia da actividade humana no medio ambiente ata o punto de poñer en perigo as condicións de vida para nós e para moitas das especies veciñas. E isto porque esta actividade humana é a actividade do homo oeconomicus, a forma de perpetuación do capitalismo. Mentres sigamos valorando os

cambios no medio ambiente dende a perspectiva económica non vai haber problema porque este sistema é a repanocha e adáptase aos cambios mellor que as cascudas. Así que o cambio climático na Galiza pode ser recibido con grande ledicia especuladora, podendo converterse por fin nun máis “na política turística peninsular”.

Detrás da sorna dos galeguiños chamizo tropicais está esta crítica á visión reduccionista do capitalismo. Pero tamén hai unha chamada de auxilio e un lamento polos coñecementos e a forma de vida que se está a perder coas nosas maiores, por non ser competitiva nin produtiva abondo segundo o criterio do mercado. Que ben nos iría herdando eses saberes e reinventándoos coa investigación e as posibilidades técnicas das que dispoñemos agora! Ese camiño está aí e non son poucas as persoas que o están a percorrer, pero vemos constantemente como se lles invisibiliza e se lles pon cada vez máis obstáculos.

A guinda ecofeminista do final da letra é só un aceño simplista e burlón a esta loita. O feito de que a represión sufrida polas mulleres ao longo da historia na práctica totalidade do globo implicou un deixar en segundo ou terceiro plano os seus saberes e as súas prácticas, as cales están relacionadas co coidado e a vida, a educación e a alimentación, o traballo comunitario e as emocións. O mundo foi gobernado polo home, interpretando ese desafortunado parágrafo no best seller máis best seller da historia, como un convite con barra libre a consumir os bens do planeta como mellor lle prestara ao macho humano entre eles a femia humana. Probablemente tería sido ben diferente se a rexencia fora igualitaria nas sociedades humanas. Pero é que aínda podemos mudar as formas de organizarnos e aprender a atender ao vivo doutro xeito máis xusto e sostible.

En fin, cando chegue o cambio climático, que nos pille espabiladas. Non para sacarlle cuartos, senón para non pensar xa neles.

COLECCIONABLE

CONTO

MATÍAS O BARQUEIRO DOS NEBOEIROS

Este conto é unha homenaxe a Matías Rodríguez, un bo compañeiro que faleceu hai anos pero que vive a través desta pequena historia en cada conto que contamos. Eu traballo este conto coas mozas e mozos, e cos nenínos. Dígolles que se poñan ao carón dunha árbore, que a escoiten como a move o vento e que me digan o que lles fala. Esperámoste, esperámosvos un día na casa da árbore.



Anxo Moure

www.contosolidarios.org

Na Fraga do Freixón cada un facía as cousas segundo lle viñan en razón: Uns construían peneiras con forma de corazón para peneirar ese estraño sentimento que se chama amor e líbralo dos granciños de egoísmo que o acompañan. Outros cultivaban nabizas para pedir perdón coas que se cociñaban os famosos caldo de desculpas. Tomabas un caldiño e tiñas gañas de perdoar e pedir perdón (sobre todo a natureza polo dano que lle facemos). E despois estaba el. Paula vivía enriba dunha sobreira e era a encargada de traducir o soño das árbores á lingua dos humanos.

Ola Paula, que soñou hoxe o bosque?, preguntábaslle pola mañá. “Díxome que se namorou un teixo dun bidueiro”.

Ola Paula, que soñou hoxe o bosque?, “Que discutiron un freixo cun salgueiro”.

Ola Paula, que soñou hoxe o bosque?, “Hoxe faloume de Matías, o barqueiro dos neboeiros, que vive nas montañas de Ancares e do Caurel cunha barca de nubes con forma de batuxo e cando precisamos auga temos que dicirlle unha poesía”.

Ola Paula, que soñou hoxe o bosque?, “Hoxe tivo un pesadelo, ardía o bosque”. Pero aquel pesadelo fíxose realidade, a mañá seguinte empezaron arder todos os bosques.

Adeus peneiras de corazón. Adeus nabizas para pedir perdón. Todo o mundo decidiu fuxir menos Paula que dixo NON, NON, NON.

Podemos rendernos cando a natureza estea en perigo NON.

Podemos rendernos cando o noso amor estea en perigo NON.

Lembrando a historia de Matías, Paula saltou da

sobreira e empezou a camiñar, cruzou tres ríos, atravesou un túnel, escalou unha montaña e correu. Correu como nunca o imaxinara e como ninguén podía imaxinar, o seu pelo ao vento, a súa mirada nas montañas. Chegado onde o barqueiro díxolle esta poesía.

*“Como fera embravecida
Unha chuvía de feridas
Cae coas pingas derrotadas
Dunha escura cor tinguida
Coma lóstregos de norte
Cernan vidas sentenciadas
Con covardes estratexias
Construídas en palacio
Coma quen merca un soño
En feiras de azul e auga
Nunha pola de sobreira
Alguén berra ¡Esperanza!
¡Detente fera endiañada
¡Que morra o lume
¡Que naza a vida
Nos teus ollos meu amigo
Nos teus ollos meu amado”*

Esvarou o barqueiriño coa súa barca de neboeiros e choveu como nunca se viu chover.

Remataron os incendios e volveron os habitantes da fraga do Freixón a cultivar nabizas para pedir perdón (probade por favor de cando en vez un caldiño de desculpas) e a construír peneiras con forma de corazón para peneirar ese estraño sentimento que se chama amor.

E por favor cando vexades a Paula preguntádelle:

Paula, que soñou hoxe o bosque?

A ver se aprendemos todas e todos a traducir o soño das árbores á lingua dos humanos.

Tempos de educación social

“Os tempos son chegados di o himno galego, e nós queremos dicir que a educación social tamén ten os seus tempos, tanto nunha perspectiva temporal do pasado, como a actual e a proxectiva.”

No apartado “Que está pasando con...” presentamos a situación actual da educación ambiental en Galicia. E en “Preocúpanos” presentamos o programa Axenda 21 como un mecanismo óptimo para avanzar cara o desenvolvementos sostible, incluíndo unha reflexión sobre cara onde camiña este programa.

EDUCACIÓN AMBIENTAL EN GALICIA: BUSCANDO ALTERNATIVAS

Miguel Pardellas Santiago
Xoán Manuel Pousa Lucio

*Membros da Equipa Directiva
da Sociedade Galega
de Educación Ambiental*

En outubro de 2011 presentouse en sociedade un artigo que facía repaso á preocupante situación do sector da Educación Ambiental (EA) en Galicia. O texto buscaba axitar ao propio sector e provocar unha reacción que o sacara do estado depresivo que se lle diagnosticaba, alén de evidenciar os efectos das políticas neoliberais no contexto da EA e visibilizar a necidade que supón, xusto neste momento, deixar de inverter en Educación, en xeral, e en Educación Ambiental en particular.

Un ano despois podemos constatar que o proceso de desmantelamento da EA na nosa comunidade continúa e a reacción do sector aínda non se produciu; se ben é certo que se desenvolveron algunhas accións, a problemática da EA segue a ser unha descoñecida e as educadoras e educadores ambientais de Galicia continúan afondando na precariedade ou, no peor dos casos, buscando traballo cada vez máis lonxe do campo da EA.

Sobre os motivos que poden explicar a falta de reacción do propio sector, xa se avanzaban algunhas hipóteses no artigo anteriormente citado: o escaso peso institucional da EA tradúcese nun escenario, tanto a nivel local como autonómico, onde a redución de fondos e o despedimento de traballadoras/es non ten repercusións sociais nin, por suposto, electorais; saberse pouco relevante non é moi motivador á hora de reaccionar fronte calquera ameaza. Do mesmo xeito, a precariedade preexistente no sector fai supor que o impacto do seu aumento fora económica e psicolóxicamente menor que noutros sectores.

Por outra parte, non está moi claro se como consecuencia ou como causa do escaso peso institucional e a histórica precariedade, o tecido empresarial ligado á EA en Galicia continúa a ser moi feble e pouco articulado, dificultándose así calquera acción ou iniciativa conxunta; unha eiva, a limitada cohesión, que podemos estender ao conxunto de educadoras e educadores ambientais de Galicia que, en moitos casos, nin sequera se recoñecen como tales.

O resultado semella evidente: a EA vai esvaecéndose sen que ninguén se dea conta máis que as propias persoas e empresas afectadas. Un proceso que, por suposto, tampouco merece a atención dos medios de comunicación, tradicionalmente xordos e cegos ás reivindicacións da EA, que, máis pendentes doutras mobilizacións e protestas no contexto de crise económica, non miran nin sequera de esguello para as poucas accións que as educadoras e educadores ambientais poidan desenvolver para facerse máis visíbeis.

En picado

Sen remontarnos en exceso, podemos identificar unha tendencia ascendente no sector da EA en Galicia a partir dos anos 90, década na que experiencias que xa viñan de lonxe e as novas iniciativas en forma de equipamentos e programas educativo-ambientais comezan a adquirir certa entidade. Unha dinámica alimentada en boa parte polo entusiasmo das educadoras e educadores ambientais que comezaban a súa andaina profesional, unha vez que o financiamento e o apoio institucional continuaban a ser escasos.

En decembro de 1999 foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA); meses antes, abrírase un breve e opaco proceso de elaboración por parte da Consellería de Medio Ambiente, que serviu como catalizador para a primixenia articulación dun sector que timidamente comezaba a tomar corpo máis aló do sistema educativo a través de empresas, colectivos e equipamentos. Neste contexto xurde a Sociedade Galega de Educa-

ción Ambiental (SGEA), motivada polas expectativas de cambio que xerou o proceso de debate ao redor da EGEA e, paralelamente, pola necesidade de habilitar unha estrutura que permitira ao sector fiscalizar as iniciativas e propostas da administración impulsora con relación ao medio ambiente e á educación. A EA en Galicia estaba collendo forma e ante os novos retos cumpría organizarse.


Os seguintes anos alimentaron unha dinámica que, coa chegada do bipartito, contou con máis financiamento. É no ano 2006 cando, de feito, ponse en marcha o Proxecto Fénix de Diagnóstico e Actualización da EGEA, un proxecto de investigación e dinamización do sector da EA en Galicia que, desenvolvido pola SGEA,

serve para obter unha “fotografía” con datos contrastados da situación dos actores, programas e iniciativas existentes.

A diagnose viña a confirmar moitas das sospeitas compartidas polo sector que, tristemente adquiren cada vez máis un carácter case que identitario: á precariedade, á temporalidade, á falta de recursos ou ao minifundismo empresarial, sumábase unha EA claramente escorada

cara o conservacionismo nos seus contidos, cun marcado paidocentrismo nas persoas destinatarias e moi dependente das administracións públicas en todas as súas variábeis.

Con todo, atendendo á inversión da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia en actividades de EA a través de axudas e subvencións, a EA en Galicia marca o seu “pico” no ano 2007. A partir de aquí, a acumulación de porcentaxes decrecentes resulta espectacular: un 13,07% menos de inversión en 2008,




un 28,70% menos en 2009, un 51,10% menos en 2010, un 74,8% menos en 2011 e un rotundo 100% menos en 2012. O certo é que non contamos con datos que nos remitan a escenarios pasados seme-

llantes, mais o “colapso” da inversión pública en EA revélase evidente. O chisco cinematográfico é obriga na pregunta que sigue a continuación: será tamén o colapso da EA en Galicia?

Evolución da inversión en EA por parte da Consellería de Medio Ambiente no período 2006-2012

Fonte: SGEA, 2012



Buscando alternativas

Despois dunha lenta traxectoria ascendente, conseguida grazas ao compromiso social e profesional de moitas educadoras e educadores ambientais, a EA parece verse abocada a unha situación que, cando menos no ámbito profesional e empresarial, revélase insostíbel.

Paradoxalmente, a administración pública decidiu prescindir das educadoras e educadores ambientais nun momento especialmente delicado; os desafíos da crise ambiental, moito máis preocupantes e urxentes que os da crise económica, non agardan e o seu impacto resulta cada vez máis evidente. En lugar de estar avanzando na elaboración participada de estratexias colectivas en clave decrecentista, onde a EA xogaríase un papel fundamental na capacitación da cidadanía, as distintas administracións límitanse a xestionar a eliminación de servizos públicos e dereitos básicos.

Asumindo e reivindicando a necesidade da EA e do traballo, dignamente desenvolvido e remunerado, das educadoras e educadores ambientais, a situación remítenos á pregunta de como facelo sen contar, ou polo menos sen depender dunha forma insán, dos fondos públicos.

Vaia por diante que non se defende aquí un cese da protesta e a xusta reclamación dunha maior inversión en EA; nada máis lonxe. A EA debería ser un servizo público e, como tal, contar cos recursos suficientes para acadar unha ampla alfabetización ambiental

da cidadanía. Mais, ante a situación actual, cómpre apostar tamén por liñas de acción parellas que nos permitan alimentar a supervivencia do propio sector da EA e enfrontar os retos da crise ambiental.

No que respecta á busca de alternativas económicas, xa nas conclusións do Proxecto Fénix recomendábase unha maior diversificación das actividades e unha decidida aposta pola colaboración entre empresas e entre profesionais; un camiño que timidamente vai traducíndose en proxectos concretos na actualidade. Así mesmo, a cooperación intersectorial, a través da promoción e consolidación de cooperativas integrais, pode xerar novos nichos de emprego ou facilitar o financiamento de determinados proxectos. Un financiamento que, ademais, pode apoiarse nas incipientes iniciativas de banca ética (Fiare, Coop 57, O Peto) ou nos procesos de financiamento colectivo (crowdfunding).

Porén, quizais o cambio máis relevante sexa necesario facelo na propia EA, nos seus contidos e prácticas. A pesar do traballo e as actividades fundamente transformadoras de moitas educadoras e educadores ambientais, a EA conta cunha representación social fundamentada no naturalismo e o traballo con cativos/os, incluso asociándose en determinados contextos con un discurso escasamente crítico coa orde establecida. Evidentemente, esta imaxe está fortemente condicionada pola reiterada dependencia das administracións públicas, que se limitaron a financiar proxectos pou-



co problemáticos onde a capacidade de manobra das educadoras/es víase reducida. Porén, tamén é certo que, sexa polo financiamento, sexa pola tradición conservacionista ou mesmo por unha certa resistencia ou comodidade fronte aos cambios, a EA continúa a proxectarse case como un placebo.

Nun momento onde as distintas mobilizacións cidadás están a promover e consolidar escenarios alternativos, rearmar ideoloxicamente a práctica da EA preséntase como un elemento imprescindible para facela unha estratexia útil de transformación nestes novos escenarios. Nas nosas mans está.



i Meira, P. e Pardellas, M. (2012). Educación Ambiental en Galiza: crise, que crise? Revista CERNA, nº 66, Inverno 2012, 52-54, Santiago de Compostela.

ii Sirva como exemplo o manifesto "Non á desaparición da EA en Galicia" (<http://www.sgea.org/manifeso.php>) [Última consulta: 8 de maio de 2013].

iii Meira, P. (2010). O papel da SGEA na Educación Ambiental en Galicia. En Meira, P. e Pardellas, M. (coord.). O Proxecto Fénix:

Proceso de Diagnóstico e Actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental. Documento de Síntese. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.

iv Meira, P. e Pardellas, M. (coord. 2010). O Proxecto Fénix: Proceso de Diagnóstico e Actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental.

Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.

v Informe comparativo de las subvenciones y ayudas de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en el período 2006-2011.

Sociedade Galega de Educación Ambiental, marzo de 2011 (actualizado en decembro de 2012).

Axenda 21

Escolar de Galicia...

Ramón Molina Gómez

A Axenda 21: ferramenta para o cambio

A Axenda 21 é un plan de acción non vinculante na promoción do desenvolvemento sostible, xurdido trala Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento (CNUMAD) en Río de Janeiro en 1992.

Desta Conferencia saíu o compromiso de 178 países para desenvolver a nivel global e local plans de acción para promover un desenvolvemento sostible, de cara ao século XXI.

Este plantexamento deu lugar ao desenvolvemento das chamadas Axenda 21 Locais para instaurar sobre todo a nivel municipal, dende unha diagnose axeitada, unha serie de actuacións estruturadas e organizadas de xeito que se conxunten cuestións de índole ambiental, económica, social e cultural, coa participación directa da cidadanía e os seus diferentes colectivos sociais.

Neste contexto xorden as Axendas 21 escolares, como instrumento para mellorar a calidade ambiental, no marco da comunidade educativa, ao tempo que interconecta coas necesidades existentes no seu territorio.

Deste xeito as Axendas 21 escolares, promoven obxectivos medioambientais e educativos tendentes a dotar ao alumnado das competencias necesarias para participar activamente na resolución de problemas medioambientais do seu territorio, adquirindo valores que favorezan unha relación en equilibrio co medio, e que, permitan como fin último, unha transformación da sociedade, dende a participación activa e consciente. Cataluña, País Vasco, Cantabria, Baleares, Guadalaxara, La Rioja... son algúns dos lugares do estado español onde as Axenda 21 Escolares teñen vixencia na actualidade. En Europa desenvólvense programas baixo esta denominación en Alemaña, Italia, Polonia, Francia ou Lituania, entre outros.

Preocúpámonos...



Galicia non foi unha excepción na implementación deste programa, iniciándose a posta efectiva no curso 2006-2007 con 25 centros educativos, converténdose nun instrumento para o traballo a prol da sostibilidade no marco educativo, a pesares da existencia de diversas dificultades para unha aplicación satisfactoria (unha implementación reducida no plano cuantitativo –número de centros participantes-, dificultades para interconectar liñas coherentes de acción entre as axendas 21 locais e as axendas 21 escolares, a complexidade na coordinación entre as consellerías implicadas, escaseza de recursos, etc...) A pesares das dificultades, a A21EG demostrou ser un mecanismo óptimo para camiñar cara o desenvolvementos sostible:

- Promovendo a sensibilización das comunidades educativas ante os problemas socioambientais de cada centro e cada contorna.
- Propiciando a aprendizaxe de estratexias participativas para o establecemento de actuacións de mellora (por exemplo a través dos comités ambientais dos centros educativos).
- Identificando, analizando e investigando as causas dos problemas que afectan á calidade ambiental

do centro e do seu territorio de referencia.

- Poñendo en funcionamento actuacións dentro dos plans de acción que supoñen cambios significativos e transformadores da realidade de partida.
- Permitindo adecuar este traballo en competencias dentro do currículo, a prol da sostibilidade.
- Participando dentro de redes estatais que traballan a prol da sostibilidade: A A21EG está enmarcada na ESenRED, que é unha rede estatal de programas e rede de escolas cara a sostibilidade promovida por iniciativas das administracións públicas. Esta rede convértese nun mecanismo para compartir experiencias, organizar eventos compartidos, identificar necesidades comúns, etc.

En definitiva, a A21EG ten sido un instrumento que favorece o traballo no marco educativo para a construción dunha cidadanía máis participativa e comprometida co medio, aprendendo dende a toma de decisións e converténdose en axentes de sensibilización e de cambio.

Pero por desgraza, a A21EG, non é allea a esta etapa de recortes que tan duramente están a afectar á educación social e á educación ambiental, minguando as posibilidades de acción para ser unha ferramenta útil nos obxectivos pretendidos.

Pero ademais deste contexto hostil, percíbese unha deriva crecente, en canto ao que significa unha axenda 21, cales deben de ser os seus obxectivos, as metodoloxías necesarias e as premisas fundamentais de traballo.

Educación social e Axenda 21 Escolar

Este número da Galeduso ten como un dos seus fins, visualizar a interconexión entre a educación social e a educación ambiental, sendo esta un ámbito de traballo no que as e os profesionais da educación social temos moito que aportar no seu enriquecemento.

A Axenda 21 Escolar de Galicia é un claro exemplo diso, e teñen sido varios os e as profesionais da

educación social, as que teñen participado na implementación das Axenda 21 Escolares nos centros participantes, desenvolvendo múltiples actuacións (visitas de asesoramento aos centros educativos para a aplicación da A21EG en cada centro educativo, realización de obradoiros para o alumnado adaptados ás temáticas dos proxectos de cada centro, organización de xornadas de intercambio de experiencias entre alumnado, xornadas formativas para o profesorado presenciais e online -PLATEGA-, deseño de xogos temáticos, accións formativas para a aplicación de metodoloxías participativas no desenvolvemento dos plans de acción de cada centro educativo, organización dos procesos necesarios para a participación do alumnado nas Conferencias infanto-xuvenís para o coidado do Planeta -CONFINT- Conferencias autonómica e estatal, etc.)

Unha das actuacións de maior interese foi a denominada “O alumnado é o protagonista”. Un proceso metodolóxico de traballo na A21EG que permitía estruturar os procesos de participación do alumnado nas diferentes fases de traballo nos proxectos medioambientais de cada centro.

Este proceso culminábase coa celebración dun encontro entre alumnado dos diferentes centros para compartir os seus proxectos e experiencias, visualizando o rol protagonista do alumnado no deseño, organización, desenvolvemento e avaliación dos seus proxectos.

Deste xeito, este proceso metodolóxico, converteuse nunha ferramenta para a dinamización do alumnado e para a súa implicación nos plans de acción deseñados en cada centro educativo.

Poderíamos identificar catros ideas forza derivadas deste proceso:

- Crea as estruturas básicas para unha participación efectiva do alumnado nos seus proxectos.
- Promove o empoderamento do alumnado na súa acción como “axentes activos” comprometidos co seu entorno e co seu medio.

- Motiva o rol do profesorado como facilitador dos procesos educativos na A21EG.
- Propicia un evento que serve de canalizador para a implicación do alumnado nos seus proxectos anuais de A21EG.

En definitiva, as axendas 21 escolares, téñense amosado como espazos onde a educación social pode facer achegas moi interesantes no traballo cara a sostibilidade dende a dinamización dos proxectos, no plano formativo, na aplicación de metodoloxías útiles para a adquisición de competencias, promovendo a participación da comunidade educativa na adquisición de valores proambientais, etc.

Cara onde camiña a Axenda 21 Escolar de Galicia? Con anterioridade facía mención á deriva crecente cara a que camiña o programa e como profesionais da educación social, creo que hai varias liñas a analizar:

- As axenda 21 escolares deberan ter implementación en tódolos centros de Galicia, como instrumento para a sensibilización, a formación, e a acción dunha cidadanía comprometida co seu entorno. Esta presenza extensiva, é totalmente ne-



cesaria para que realmente poidamos falar dunha ferramenta para o cambio.

- A ubicación actual do programa dende o punto de vista do organigrama da administración, sitúa a A21EG no IET (Instituto de Estudos do Territorio). Isto está levando a que o programa xire de xeito case en exclusiva, a abordar o traballo ao redor da paisaxe (valorización da paisaxe, análise da riqueza paisaxística, lecturas e interpretación da paisaxe, etc.) Todas estas cuestións son de gran importancia abordadas no sistema educativo, pero obviamente unha axenda 21 escolar é algo máis, e precisa dunha perspectiva moito máis ampla.
- Desenvolver unha A21 implica unha serie de premisas, na metodoloxía, no deseño dos plans de acción, etc. É fundamental non perder a perspectiva. A educación social ten moito que aportar na implementación das axendas 21 (locais, escolares...)

En resumo, estamos preocupados polas liñas que se enxergan:

- Preocúpanos que a A21EG perda a súa funcionalidade orixinaria.
- Preocúpanos que a A21EG se “fusione” con outros programas sen unha coherencia e un sentido educativo claro.
- Preocúpanos que a educación ambiental perda presenza no traballo educativo coa cidadanía pola falta de inversións das diferentes administracións.
- Preocúpanos que non se perciban con claridade as interconexións entre a educación social e a educación ambiental.

Xerando respostas compartidas a estas inquiredanzas, dende os diferentes axentes implicados, poderemos propiciar pequenos pasos, para avanzar cara a sostiabilidade.

Bibliografía:

GARCÍA GANDOY, J.A. e LÓPEZ RODRÍGUEZ, R. (2008).

“A Axenda 21 escolar galega”. Santiago de Compostela. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.

GUTIERREZ BASTIDA, J.M. (2010).

“Agenda 21 escolar: tanto esforzo merece la pena?”. Xornadas de Axenda 21 escolar de Galicia 2010. Educando pola sostiabilidade nos centros educativos. Xunta de Galicia.

MOLINA GÓMEZ, R. (2010).

“O alumnado é o protagonista: Unha ferramenta para a dinamización da A21EG”. Xornadas de Axenda 21 escolar de Galicia 2010. Educando pola sostiabilidade nos centros educativos. Xunta de Galicia.



Cuestión de dereitos



EDU- CAR NA SOBE- RANIA ALI- MENTA- RIA

Lara Barros Alfaro

*Coordinadora comarcal do
Sindicato Labrego Galego en Compostela*

O acceso á alimentación é un instrumento de poder e control social, que, actualmente, fica en mans do grande capital económico-financieiro e dos seus compinches institucionais, estean estes nos gobernos dos estados ou nas institucións internacionais que definen as axendas mundiais (Banco Mundial, FMI, OMC, etc.) O modelo agroalimentario neoliberal, marcado por unha agricultura cada vez máis industrializada e dirixida cara o mercado global, ten na acumulación de beneficio a súa principal meta. Manexar o noso pan de cada día, supón pois un negocio rendondo. Poder, control e negocio, tres palabras que pouco ou nada deberían ter que ver coa alimentación, e que, non obstante, a día de hoxe, son as súas liñas directrices.

O campesiñado, protagonista indiscutible da produción de alimentos ao longo dos tempos, queda agora sen control e sen autonomía sobre o seu traballo, sobre a súa vida, sometido a sistemas produtivos que significan, en última instancia, a súa explotación, o seu empobrecemento e á súa progresiva aniquilación. Non é de estrañar que as crecentes cifras de fame e desnutrición no mundo teñan como protagonistas ás poboacións campesiñas. Paradoxa perversa que se complementa co acelerado ritmo de desaparición de granxas labregas nos estados “desenvolvidos”.

O progreso semella contrario ao campo. Empobrecemento das comunidades campesiñas, maioría social nos países do Sur, desarticulación agraria nos países do Norte, decadencia e despoboamento rural, aglomeración humana nos núcleos urbanos, degradación ambiental e contaminación, perda de calidade e propiedades nutritivas dos alimentos, saúde pública en perigo polos paquetes fitosanitarios que acompañan ao agronegocio, perda do patrimonio cultural, perda da biodiversidade e do patrimonio fitoxenético, etc. En resumo, un modelo agroalimentario no que a terra concíbese para a súa explotación, pura e dura. E isto semella ser o progreso.

As organizacións campesiñas articuladas a nivel mundial na Vía Campesina, lanzaron a mediados dos anos noventa unha proposta de modelo agroalimentario alternativo: a Soberanía Alimentaria. A proposta, cunha profunda carga de transformación social, proclama a alimentación como dereito e non como negocio, e, dende aí, abre as portas á construción dun novo mundo. Na súa definición máis recente, a soberanía alimentaria defende o dereito dos pobos a controlar as súas propias sementes, terras, auga e produción de alimentos, para garantir, a través dunha produción local, autónoma (participativa, comunitaria e compartida) e culturalmente apropiada, en harmonía co medio natural, o acceso de toda a poboación a alimentos suficientes, variados e nutritivos. A soberanía alimentaria, aposta pola relocalización da produción e do consumo, pola recuperación do modelo de produción campesiña fronte aos estragos da Revolución Verde, pola redistribución dos recursos produtivos, pola coidado dos recursos naturais. Neste senso, as mulleres labregas cumpren un papel fundamental, pois, máis alonxadas da “modernización” agraria por exclusión de xénero, manteñen saberes e formas de facer que son chaves de cambio.

As organizacións campesiñas colocan a alimentación no debate político e social: somos o que sembramos e somos o que comemos. Neste senso, as consumidoras/es temos no noso plato diario o espello no que definir en que sociedade queremos vivir. A conciencia que sexamos capaces de desenvolver entorno a iso, será fundamental para construír un futuro alternativo,

no que a dignidade da vida quede por riba de calquera consideración economicista. A defensa da sostenibilidade, da biodiversidade, da cultura, da saúde, da equidade social... pasa pola defensa da agricultura familiar, do rural, dos mercados locais e de proximidade, dos coñecementos campesiños, das sementes tradicionais... Para recuperar o control e a autonomía sobre as nosas vidas, sobre o noso futuro como sociedade, precisamos campesiñas e campesiños que produzan alimentos sans e de calidade, e un mundo rural vivo e digno que os acolla en vez de expulsalos.



Xa van andadas algunhas décadas de construción colectiva nesa dirección: redes de consumo alternativo, recuperación de mercados locais, hortas comunitarias, comedores escolares que apostan pola produción local, ecolóxica, etc. Todas as persoas contamos nesta loita, cada unha dende o seu ámbito, dende a súa responsabilidade profesional e persoal. Precisamos que muden as políticas agrarias e darlle a

volta ao modelo alimentario dominante. A educación, entendida como ferramenta de transformación social, pode cumprir un importante papel nesa dirección; a revalorización e visibilización do mundo campesiño, o achegamento aos sabores e saberes tradicionais, á temporalidade dos alimentos, á comida como fonte de saúde e de calidade de vida, son algunhas das liñas posibles sobre as que traballar. Educar na Soberanía Alimentaria é educar na autonomía, na dignidade, na saúde, no reencontro coa terra e con outra vida, posible e necesaria.



Dándolle voltas



Educación Ambiental e Educación Social: a necesaria integración

Pablo Ángel Meira Cartea

*Universidade de Santiago de Compostela Grupo de Investigación
en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA)*

Nunca entendemos a expresión “condenadas –ou condenados- a entenderse”, porque transmite que o “entendemento” entre persoas ou colectivos é máis un sacrificio que unha oportunidade positiva de transcender ou superar unha situación previa de desencontro ou conflito, unha forma de avanzar no logro de finalidades e obxectivos compartidos. É dende este punto de vista que entendemos que a Educación Social e a Educación Ambiental deben revisar as súas relacións, non só porque pensemos que son campos da acción socioeducativa homólogos e con problemáticas corporativas e profesionais coincidentes, senón porque a súa converxencia e integración redundaría nun mellor axuste ás necesidades e demandas sociais ás que pretenden dar resposta.

A tese que defendemos neste texto é que a Educación

Social e a Educación Ambiental comparten o mesmo campo de xogo e o mesmo equipamento técnico e metodolóxico para desenvolver o seu labor, aínda que a percepción máis inmediata de moitos actores e moitas actrices de ambas educacións sexa contraria a esta apreciación. Para quen os contempla como campos perfectamente discernibles a súa posición é evidente, tanto si se considera a literalidade de ambos conceptos como os universos temáticos e os espazos de acción profesional que se asocian con cada un. Sen embargo, ao analizar estas distincións con certo detemento, o “non” inicial pode ser cuestionado ou, cando menos, sometido a moitos matices.

Dende una óptica puramente semántica ambos campos comparten o substantivo, “educación”, o que é moito, mentres que difiren nos adxectivos: “ambien-

tal” ou “social”. Pero esta diverxencia é máis aparente que real e está condicionada por convencións que deben ser examinadas con sentido crítico. O cualificativo “ambiental” soe estar contaminado por un nesgo naturalista e fisicista, nesgo que se transfere de forma reducionista ao substantivo “educación”. Neste sentido, é común que a Educación Ambiental se asocie en exclusiva con prácticas educativas relacionadas co coñecemento e a conservación da natureza e coa salvagarda da calidade bio-física do ambiente. Esta interpretación está moi xeneralizada na esfera da cultura común e, o que é peor, tamén en bastantes círculos profesionais, académicos e institucionais. Non é que a Educación Ambiental non deba e non poda ocuparse ou preocuparse por estas cuestións –de feito, faino-, pero, na nosa perspectiva, non son esas as finalidades e os obxectivos centrais que xustifican e explican a súa existencia.

O cualificativo “social”, polo contrario, parece descartar a aquelas intervencións que non fagan uso de instrumentos e procedementos educativos para transformar ou contribuír a transformar a realidade de persoas ou colectivos humanos ameazados por situacións de exclusión, aculturación, marxinação, desigualdade ou conflito. No primeiro caso, o “ambiental” parece excluír o “social”, mentres que no segundo o “social” parece excluír o “ambiental”. Fronte a esta visión segregada, o certo é que o “ambiental” (e a “crise ambiental”¹) é profunda e radicalmente social: tanto nas súas causas como nas súas consecuencias, seu eixo central son as sociedades humanas e as relacións que se establecen entre elas. E o “social”, a súa vez, só pode ser plenamente entendido no seu contexto ambiental na medida en que todos os colectivos e grupos humanos son –somos- ineludiblemente ecodependentes, e na medida en que as representacións e as rela-

¹ En lugar de “crise ecolóxica”, preferimos falar de “crise ambiental” ou de “crise socio-ambiental” para destacar, primeiro, que o deterioro biofísico constitúe una ameaza na medida en que afecta á calidade de vida das sociedades humanas e ás posibilidades de satisfacer universal e equitativamente as necesidades básicas da nosa especie, fronte a lecturas nesgadas que a asocian coa conservación do mundo natural nun estado máis o menos prístino; e segundo, que as causas estruturais do deterioro biofísico son fundamentalmente de natureza socio-económica (relacionadas co modo de produción dominante e coa forma de apropiarse, transformar e distribuír os recursos ambientais) e de natureza cultural (relacionadas co modo de reprodución dos estilos de vida funcionais para a premisa do crecemento sen límites inherente á economía de mercado na súa forma actual).

cións sociais forman parte da multidimensionalidade ambiental: isto é, son tamén ambiente.

Máis alá das aparencias e as convencións socio-culturais que parecen debuxar unas fronteiras nítidas entre ambos campos, consideramos que os límites que se establecen entre eles son puramente convencionais e que se pode demostrar que as singularidades disciplinares, teóricas e profesionais son tan marcadas –ou tan pouco marcadas– como as existentes entre os distintos ámbitos da Educación Social, abundando máis as zonas de intersección e solapamento que as zonas de diverxencia e diferenciación.

Afirmar que os límites son convencionais non implica dicir que sexan arbitrarios, posto que na construción de cada campo operaron e operan procesos históricos e corporativos que condicionaron e condicionan a súa distinción na realidade. A maioría dos e das profesionais do campo da Educación Ambiental teñen problemas para situarse con claridade no campo da Educación Social ou posiciónanse explicitamente fora del. E o mesmo cabe afirmar da maioría dos e das profesionais da Educación Social con respecto ao campo da Educación Ambiental. Na miña experiencia como docente da materia de Educación Ambiental, primeiro na Diplomatura de Educación Social e agora no Grao da mesma titulación, puiden constatar a dificultade inicial dos e das estudantes para encaixar a presenza desta materia no seu currículo formativo, un desaxuste que comeza a mudar cando se afonda na natureza social e económica da crise ambiental, e cando se caracterizan desde un enfoque claramente pedagóxico-social os instrumentos, as técnicas e os recursos educativos máis usuais no campo educativo-ambiental.


Se a Educación Ambiental traballa para transformar as representacións e as relacións sociais que teñen como “obxecto indirecto” a xestión do ambiente e a apropiación, o uso e a distribución equitativa dos recursos naturais en sentido amplo (o aire, a auga, os ecosistemas, a atmosfera, a biodiversidade, os

alimentos, os minerais, a terra, etc.), seu “obxecto directo” (a mudanza individual e colectiva, a transformación da sociedade, o cambio dos estilos de vida, a equidade, a xustiza redistributiva) solábase, cando non se confunde, co “obxecto” da Educación Social. Desde este punto de vista, a acción educativa sobre e para superar a crise ambiental enténdese como unha ferramenta e unha praxe eminentemente social (moral, cultural, política, ideolóxica, fenomenolóxica, socialmente construída).

A Educación Ambiental tense caracterizado moitas veces como un instrumento ou unha práctica cuxa finalidade é transformar as relacións humanas coa biosfera. Esta interpretación non é errónea, máis si pode ser xulgada de parcial: dita transformación require, como premisa fundamental, o cambio das relacións dos seres humanos entre si; isto é, esixe un cambio social que noutros textos temos cualificado de estrutural (Caride e Meira, 2001). A Educación Ambiental, así concibida, só pode ser entendida como unha práctica socio-educativa intencionada e sistemática. Dito con outras palabras: só pode ser entendida como Educación Social. A inmensa maioría dos educadores e das educadoras ambientais exercen unha labor educativo-social, se ben poden non definila nin percibila como tal; principalmente aqueles e aquelas que asumen unha concepción crítica, transformadora e comprometida da súa praxe.

Os ensaios de hibridación disciplinar e socio-profesional entre a Educación Ambiental e a Educación Social non son novos (Heras, 1997; Caride y Meira, 2001; Iglesias y Meira, 2007; Caride y Meira, 2007). Fai 15 anos Pilar Heras (1997: 281) xa advertía que “existe unha coincidencia no que ao obxecto se refire: unha educación medioambiental con obrigados referentes sociais, educación social con obrigados referentes ambientais, de crise ambiental e de conflitos sociais. De modo que, a miúdo, son máis que difusas as liñas de fronteira entre ambas disciplinas”.

No plano histórico tamén existen evidentes homoloxías



entre a Educación Social e a Educación Ambiental. Estas homoloxías adquiren máis importancia no furacán da crise socio-económica contemporánea. Ambos campos xorden estimulados por situacións críticas no desenvolvemento da sociedade industrial contemporánea: o primeiro asociado aos desaxustes sociais que emerxen no período de entreguerras do século pasado e ao impulso en Europa do chamado Estado do Benestar a partir dos anos cincuenta; e o segundo asociado á crise ecolóxica que se comeza a diagnosticar e denunciar nas décadas dos sesenta e setenta do mesmo século. Un e outro campo educativo confórmanse orixinalmente en relación dialéctica coas contradicións que xeran a modernidade e o progreso: a Educación Social preocupada polas disfuncións sociais dun sistema socio-económico aparentemente exitoso, e a Educación Ambiental preocupada polas disfuncións ambientais do mesmo sistema. Un e outro campo agroman á sombra dos soños rotos da segunda modernidade –ou modernidade avanzada²– e van dotándose progresivamente de masa académica, científica e profesional ao mesmo ritmo que esta fase da modernidade se globaliza e agudiza, pasando a un novo estadio do cal podemos estar contemplando as súas primeiras e destrutivas expresións. Os dous campos comparten agora o impacto dos efectos máis negativos da crise económica e da crise dos estados modernos na súa expresión como Estados do Benestar: un modelo social, económico e político sometido a un desgaste progresivo –e probablemente planificado– na súa capacidade para dar cobertura apropiada ás necesidades humanas e para garantir tanto a dimensión ambiental como a dimensión social da calidade de vida e dos dereitos humanos. Un modelo que está en plena regresión diante do avance ecocida e inhumano do “mercado” nas súas novas expresións especulativas e ultraliberais.

²Pódese acoutar esta etapa da modernidade ao período de impulso económico experimentado en boa parte do planeta, pero principalmente en Occidente, dende o fin da II Guerra Mundial ata o comezo deste século.

Na Galicia actual, os efectos da crise en ambos campos poñen máis en evidencia as súas homoloxías. Dende que se desatou a denominada “crise fiscal” fai un lustro estamos asistindo ao debilitamento progresivo, cando non ao desmontaxe planificado, dos sistemas públicos de Educación Ambiental e Educación Social, asociados ambos ao desenvolvemento aínda precario do Estado do Benestar, ao menos en relación a outros países da contorna. Non deixa de ser un sarcasmo histórico descomunal que os sistemas de protección e redistribución social da riqueza (a educación, a saúde, os servizos sociais e culturais) sexan agora vítimas dunha crise xermolada na última década a partir da apropiación e transformación especulativa do espazo, concretada nunha morea de proxectos urbanísticos e infraestruturais de dubidosa utilidade pública pero depredadores do territorio e os seus recursos, no que probablemente constitúe a peor agresión ambiental nunca rexistrada na historia do país.

Baixo o imperativo da austeridade orzamentaria estanse reducindo, suprimindo ou privatizando servizos, programas, equipamentos e funcións educativas en todos os ámbitos. A iniciativa pública é esencial nos campos da Educación Ambiental e a Educación Social, fundamentalmente para soste económica e institucionalmente servizos e programas que teñen que ver coa salvagarda dos bens comúns, coa equidade, a solidariedade e a sostibilidade. Cando estes fins últimos son obviados, tanto dende a perspectiva educativo-social como dende a educativo-ambiental, a praxe educativa ve neutralizada gran parte da súa capacidade transformadora e de articulación social. Non é casual que se podan atopar ás mesmas empresas “prestadoras de servizos” na contratación e xestión de algúns dos servizos, programas ou recursos de Educación Ambiental ou Educación Social que están sendo recortados e privatizados. Non cabe esperar deste novo paradigma político unha visión radical –no sentido literal da palabra– dos problemas



ambientais e sociais, senón máis ben un tratamento que obvie os temas máis controvertidos e que ignore a natureza estrutural dos problemas socio-ambientais, das súas causas e das súas consecuencias. Non é de esperar, en todo caso, que o “mercado” xestione estes servizos en contra dos intereses das plutocracias que o controlan.

Desde un punto de vista profesional quizás sexan os e as profesionais da Educación Ambiental quen leven a peor parte. En comunidades como Galicia, o último lustro contempla unha diminución moi acusada do número de profesionais que exercen seu labor neste campo, tanto de quen traballaba por conta propia (empresarios ou autónomos) como de quen o facía como asalariado na iniciativa privada, principalmente no Terceiro Sector, ou en pequenas empresas e nas administracións públicas. Só as subvencións destinadas pola Xunta de Galicia a financiar actividades e programas de Educación Ambiental doutras administracións ou de ONGs caeron de 1.645.000 € no ano 2007 a 125.133 € no ano 2011, un brutal recorte do 93% (Pardellas e Meira, 2012). A precariedade que xa caracterizaba a este sector profesional é agora máis acusada, incrementándose notablemente as persoas que abandonan o mundo da Educación Ambiental para buscar mellor acubillo en sectores que se defenden un pouco mellor da crise (turismo e hostalaría, lecer de consumo, servizos culturais, outros ámbitos da xestión ambiental, etc.) ou que pasan a engrosar las taxas do paro.

A diferenza do campo de la Educación Social, a comunidade de profesionais da Educación Ambiental nunca se ten caracterizado por posuír un sentido corporativo acusado. Se ben existen indicios da conformación incipiente de certo sentimento de identi-

dade profesional, a mesma xenealoxía do campo foi erguendo moitos obstáculos:

- a dualidade ambiente/educación derivada da formación inicial de moitos profesionais: titulados en ciencias ambientais (ecoloxía, bioloxía, xeoloxía, química, etc.), fronte a titulados en ciencias da educación e do comportamento (pedagogía, psicoloxía, maxisterio, educación social, etc.),
- os antecedentes e as conexións co movemento ecoloxista de moitos e moitas profesionais,
- as tensións aínda non resoltas entre as institucións educativas e as ambientais pola hexemonía e a apropiación do campo,
- a inexistencia de marcos institucionais, normativos e legislativos que contemplan a necesidade deste perfil profesional e regulen as súas competencias, nichos profesionais e funcións,
- a subsidiariedade e a marxinalidade da Educación Ambiental tanto no marco das políticas educativas como no das políticas ambientais.


Fronte a estes obstáculos, a última década viu xurdir en Galicia e no conxunto do Estado un movemento asociativo incipiente no campo da Educación Ambiental. Este movemento obedece a motivacións diversas que tamén inclúen a defensa de intereses profesionais compartidos e a reivindicación, aínda difusa, de certa identidade corporativa. Dende o ano 2000 veñen constituíndose asociacións de educación ambiental ou de educadores e educadoras ambientais –o matiz é importante– en practicamente todas as comunidades do Estado. A Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) fúndase no ano 2001³. Incluso se ten chegado a crear a nivel estatal unha Federación de Entidades de Educación Ambiental⁴ co fin de establecer liñas de acción comúns, se ben a súa vitalidade e

3A páxina web desta asociación é a seguinte: <http://www.sgea.org/>.

4Páxina web da FEEDA: <http://federacioneducacionambiental.blogspot.com.es/>

a das asociacións autonómicas se vexa moi diminuída polo efecto da mesma crise⁵. Nesta evolución se ten chegado a formular a posibilidade de que os e as profesionais da Educación Ambiental buscasen acubillo corporativo nos Colexios Profesionais de Educación Social xa existentes ou en proceso de constitución. Algúns e algunhas xa o teñen feito a título individual.

Dadas las evidentes homoloxías históricas, teóricas y metodolóxicas destacadas e á evidente converxencia de intereses e problemáticas profesionais, entendemos que esta integración pode ser unha opción válida e coherente cos “obxectos” e as “identidades” educativas y profesionais de ambos campos, especialmente nuns momentos en que é preciso sumar masa crítica para salvagardar aqueles dereitos sociais e ambientais que defenden o ben común. Quizás se podería avanzar máis nesta liña de converxencia si dende os Colexios Profesionais de Educadores e Educadoras Sociais, cunha trama institucional e organizativa máis sólida, se deseñasen estratexias proactivas para potenciar e facilitar a “hibridación” profesional co campo da Educación Ambiental. As circunstancias fano agora máis oportuno e, sobre todo, máis necesario.



⁵Este proceso pode coñecerse en profundidade no enlace do Grupo de Trabajo

Permanente de Asociaciones de Educación Ambiental:

<http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/grupos-de-trabajo-y-seminarios/asociaciones-de-educacion-ambiental/>

Referencias Bibliográficas:

Caride, J.A. e Meira, P.Á. (2001). Educación Ambiental y desarrollo humano. Ariel, Barcelona.

Caride, J.A. e Meira, P.Á. (2007). “Educación Ambiental e Educación Social: a necesaria converxencia disciplinar”, en Ferraro, L. (Org.). Encuentros e caminos. Formación de educadoras(es) e colectivos educadores. Vol. 2. Ministerio do Meio Ambiente, Brasilia, pp. 143-156.

Heras, P. (1997). “Pedagogía Ambiental y Educación Social”, en Petrus, A. (Coord.). Pedagogía Social, Ariel, Barcelona, pp. 269-291.

Iglesias, L. e Meira, P.Á. (2007). “De la Educación Ambiental a la Educación Social o viceversa”. Educación Social, nº35, pp. 13-26.

Pardellas, M. e Meira, P.Á. (2012). “Educación Ambiental en Galicia: crisis ¿qué crisis?” Carpeta Informativa del CE-NEAM, Febrero-2012. Documento electrónico:

http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/articulos-de-opinion/2012-02-pardellas-meira_tcm7-253463.pdf (última consulta: 14-10-2012).

ONDE ESTÁN AS/OS PROFESIONAIS DOS EQUIPAMENTOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL NA GALIZA?

Araceli Serantes Pazos

Universidade da Coruña

A educación ambiental atopa un espazo de desenvolvemento integral da súa acción educativa no ámbito dos equipamentos (para a educación ambiental). Con este nome, estamos a referirnos ás aulas forestais e de natureza, as casas do mar e as do mel, aos centros de interpretación e etnográficos, aos ecomuseos e museos da natureza, ás granxas escolas e aos parques ambientais, todos eles infraestruturas estables desde as que se desenvolven programas de educación ambiental de forma permanente e nos que traballan equipos de profesionais, que programan, deseñan e avalían as actividades en función das persoas usuarias, baixo un modelo de xestión ecoloxicamente coherente e sostible.

Para moitos lectores trátase de algo anecdótico; quizais, se tivesen que enumerar cantos coñecen na Galiza, lles custaría chegar a media ducia... ou non? A realidade é que se trata de numerosas propostas que a maioría dos posibles beneficiarios descoñecen.

Media ducia, unha ducia... máis de cen?

Na actualidade teño censados 222 equipamentos no noso territorio. Algúns deles xa son un referente internacional (Alvarella, CEIDA ou o CEA As Corcerizas),

outros son moi valorados en contextos máis próximos (Granxa de Barreiros, Casa das abellas ou o Parque Eólico Experimental de Sotavento), e moitos outros son experiencias loables pouco coñecidas (Centro de Interpretación do xacemento romano, ou dos dos xogos populares, ou a aula da natureza a Cabalar). Algúns destes centros están construíndose (en plena crise do ladrillo!), mais o dramático é que case a metade están rematados e, en vez de estar en pleno funcionamento, están pechados e sen uso, algúns con evidentes síntomas de deterioro. Preguntarase quen son os responsables desta desfeita. Hai moitos, pero todos identificables. Neste momento a Xunta de Galicia ten a propiedade de 24 instalacións das que só ten 6 funcionando; as outras 18, que xestionaban pequenas empresas galegas ou nas que traballaban educadores e educadoras están pechadas, sen que a administración facilite fórmulas de xestión para garantir este servizo público. Case 100 desas instalacións son propiedade dos Concellos, moitas feitas con axudas europeas, e teñen moitos problemas para xestionalas ao non contar con ornamentos propios, polo que a maior parte delas están pechadas ou funcionan baixo demanda.

Os centros propiedade de empresas e de asociacións son os que mellor sobreviven e os que están a ofrecer servizos de forma continuada, os que están a lidar cos recortes e a ausencia de axudas institucionais reinventándose, adaptándose aos tempos tan complicados como difíciles.

Ante este panorama, os que cremos e apostamos polo público temos fortes contradicións. É imprescindible que os propietarios dos equipamentos Galegos plantexen modelos de xestión dos seus centros para que poñan en funcionamento aqueles servizos que foron creados para desenvolver programas de educación ambiental, e máis aínda cando os propietarios son administracións públicas.


Podemos agrupar os equipamentos en catro categorías (aulas da natureza, granxas escola, centros de interpretación e museos ambientais). A figura máis estendida é a de centros de interpretación, é dicir centros coa vocación de divulgar de forma atractiva os valores patrimoniais; mais as figuras de maior impacto educativo son as aulas de natureza e as granxas escola, porque ademais de realizar actividades de divulgación, programan actividades para manipular, investigar, comprender, sentir, actuar... actividades nas que as persoas visitantes son actores na súa aprendizaxe.

Educadoras e educadores ambientais, ao ataque!

Na Galicia é necesario abrir e dotar de programas aos numerosos equipamentos de educación ambiental que están pechados. Ademais, é recomendable ampliar a oferta educativa na maior parte dos centros de interpretación. Para este labor requírese de profesionais con capacidade de programar, desenvolver e avaliar ac-

tividades que axuden a achegar a problemática ambiental ás persoas, de forma que queiran colaborar e comprometerse coa mellora do medio. Profesionais creativos que dominen técnicas de participación para implicar as poboacións arredor dos equipamentos. Profesionais comprometidos con valores que non son dominantes na sociedade do consumo. Por iso... educadoras e educadores ambientais, ao ataque!

En tempos incertos como os que estamos a vivir é preciso innovar e reinventarse. Os profesionais da educación ambiental tamén poden e deben ser educadores sociais, e ser parte da solución da crise ambiental e da crise global.



EDUCACIÓN AMBIENTAL NO CURRÍCULUM FORMATIVO DA TITULACIÓN DE EDUCACIÓN SOCIAL. E TI, QUE OPINAS?

“A Educación Ambiental é un ámbito fundamental dentro da Educación Social, pode ser una saída moi interesante na que podemos aportar moito se entra a formar parte do noso curriculum”.

*Caterina Rodríguez,
Universidade da Coruña*

“Creo que a Educación Ambiental é unha materia importante para o noso curriculum e xa non só para iso; tamén a modo persoal, xa que debemos concienciar nos do que representa o medio ambiente na nosa vida e saber coidalo e respetalo, e máis aínda un educador social”.

*Belén Rodríguez Expósito,
Universidade da Coruña*

“Entendo como un dos grandes obxectivos que persigue a Educación Ambiental é crear conciencia no individuo, promover o seu propio desenvolvemento en comunidade co medio ambiente. Debido ao continuo maltrato e devastación que está sufrindo a nai natureza, é necesario o papel dun profesional no ámbito

socioeducativo que promova os valores da Educación Ambiental na poboación interxeracional. Non incorporar a Educación Ambiental ao grao de Educación Social, sería como pechar os ollos ao cambio, promover unha educación pobre e exenta de autocrítica”.

*Jessica Senín Magán,
Universidade de Vigo*

“Penso que a Educación Ambiental é fundamental e necesaria, non só para o grao de Educación Social, senón que podería extenderse ao resto dos ámbitos”.

*Judith Pereira,
Universidade da Coruña*

“Opino que a Educación Ambiental é unha materia fundamental e imprescindible na nosa carreira e en moitas outras, posto que é un tema do que todo o mundo debe ter idea. Así pois, penso que debería formar parte do noso curriculum para ser uns ou unhas bos/as educadores/as sociais”.

*Fabiola,
Universidade da Coruña*

“Na miña opinión a Educación Ambiental é unha materia imprescindible, da que non só os educadores e educadoras sociais debemos ter coñecemento senón tamén outros profesionais deben tomar conciencia. É necesaria no noso grado para poder levala a cabo o mellor posible”.

Tania,
Universidade da Coruña

“Considero moi importante que a Educación Ambiental se inclúa no noso currículo formativo. Na miña opinión ademais de ser unha boa saída, é un tema do que todos deberíamos ter coñecemento”.

Sonia Naveira,
Universidade da Coruña

“Idealmente, a Educación Ambiental como materia non deba existir, xa que unha educación básica e integral non pode dissociarse da Educación Ambiental; é como querer vivir ben sen respirar, é un contrasentido. O destino da humanidade, da Vida no planeta Terra está imbricado co devir do ambiente, de todo o que nos rodea, pero sendo obvio que esta idea está moi lonxe de formar parte da idiosincrasia humana, a Educación Ambiental é non só necesaria, senón vital para concienciármolos do que somos, de onde vimos, e a onde queremos dirixirnos”.

Serxio García Souto,
Universidade de Vigo

“Un dos principais obxectivos da educación é ampliar as nosas «miras», polo que considero importante dita materia no noso currículo formativo, ademais de ser unha saída profesional. Pero realmente o importante de dita materia é que somos «gardiáns temporais do planeta e debemos aprender a conservalo»”.

Mar,
Universidade da Coruña

“Paréceme unha boa elección, considero que a nosa carreira aborda problemáticas tanto en torno a persoas como a todo grupo de seres vivos ou animais, por iso me parece moi importante estudar ou ter coñecementos sobre o medio”.

Antía Vázquez Olmo,
Universidade da Coruña

“Consideramos fundamental e básica, a formación en relación ao ámbito medioambiental, posto que só fai falta ver o estado do campus universitario. É vergonzoso que persoas que consideremos como adultas, aínda non estean mentalizadas da importancia do coidado e o respecto do medio, nin sexan conscientes dos recursos existentes (véxase papeleiras)”.

**Vannesa Ares, Esther Caabeiro,
Yolanda Rodríguez,
Carlota Romeu e Rafael Trigo,**
Universidade da Coruña



“A presenza da Educación Ambiental no currículo de Educación Social –ao meu modo de ver– é bastante residual, xa que a temática tan só se aborda nunha materia de carácter optativa de cuarto ano, fronte o caso de Grao en Pedagogía no que é obrigatoria e se cursa en segundo de carreira. Á luz do dito, pódese dicir que a Educación Ambiental non está suficientemente presente na formación, pois, aínda que é un campo de acción-intervención socioeducativa idóneo para o quefacer da Educación Social, estas posibilidades quedan bastante invisibilizadas; agás que o estudante parta dun interese persoal pola temática e decida escoller esta materia. Desde a perspectiva de estudante, podo dicir que foi unha materia enriquecedora, onde puidemos dar sentido aos contidos teóricos e á historia da Educación Ambiental mediante a realización de dinámicas, visionado de documentais ou achegándonos a problemáticas ambientais do contexto galego e outros territorios. Así, a materia su-

pón unha aproximación á Educación Ambiental, que trata de poñer de manifesto a importancia e as posibilidades de educarnos crítica e reflexivamente no ambiente e en favor do ambiente, no sentido amplo do termo”.

Andrea Maroñas,
Universidade da Santiago de Compostela

“Considero de vital importancia que a Educación Ambiental forme parte do currículo na titulación de Educación Social, xa que todos deberíamos ser considerados con todo o que nos rodea, e ser máis conscientes da importancia do noso entorno”.

Lorena Vigo,
Universidade da Coruña

“Parécenos moi ben que esta materia forme parte do currículo do grado de Educación Social, xa que a Educación Ambiental é o mantemento salubre do medio ambiente e cousa de todos, non só duns poucos”.

Gloria López Castro e Beatriz López González,
Universidade da Coruña

“A Educación Ambiental debe formar parte do noso currículo xa que esta apórtanos as ferramentas necesarias para transmitir á sociedade a importancia dun bo mantemento do noso entorno”.

Alberto Míguez,
Universidade da Coruña

“Considero que esta asignatura debe estar integrada en el currículo de la titulación, las educadoras sociales y los educadores sociales tenemos un perfil muy adecuado para desarrollar tareas de Educación Ambiental, debido a los conocimientos tanto pedagógicos, sociológicos y relacionados con la acción socioeducativa que son impartidos en nuestro grado”. “Considero que esta materia debe estar integrada no currículo da titulación, as educadoras sociais e os educadores sociais temos un perfil moi axeitado para

desenvolver tarefas de Educación Ambiental, debido aos coñecementos tanto pedagóxicos, sociolóxicos e relacionados coa acción socioeducativa que son impartidos no noso grao”.

*Ignacio Márquez,
Universidade da Coruña*

“A Educación Ambiental é algo fundamental nos ámbitos que aos educadores sociais nos competen. A parte disto considero que é unha materia transversal que se debe impartir a todos os niveis educativos e en todas as titulacións xa que é unha temática básica, que hoxe en día é importante na formación de todas as persoas. Todos formamos parte do noso entorno, o cal debemos coidar e conservar para así conseguir saúde ambiental, o que se traduce en saúde para todos”.

*Lorena Martínez Cernadas,
Universidade da Coruña*

“A Educación Ambiental promove a conciencia, pero quen debe ser e cómo se promove esa conciencia? Todo o mundo debería contaxiar o respecto que merece o noso entorno, sen o cal non seríamos nada, pero a cadea de concienciación comeza nalgunha parte: na educación, que por suposto, é social. Animémosnos a contaxiarnos de conciencia e fagamos desta cadea un mundo repleto de responsabilidade unida”.

*Anónimo,
Universidade da Coruña*

“Penso que é fundamental que esta materia forme parte do currículo da nosa carreira, coñecer que temos cabida neste ámbito e que é de gran importancia coidar e conservar o medio ambiente, xa que é o noso fogar”.

*Berta Portero Méndez,
Universidade da Coruña*



A EIRA DO CEESG. GRUPO DE TRABALLO DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO E EDUCACIÓN AMBIENTAL.



Neste ano 2013, a revista Galeduso adica o seu monográfico á Educación Ambiental, coincidindo co nacemento dun novo grupo de traballo no Ceesg que centra a súa atención, precisamente, na Educación Ambiental e no Desenvolvemento Comunitario.

¿Qué entendemos por...?

Entendemos que o Desenvolvemento Comunitario é unha metodoloxía transversal a todos os ámbitos de traballo da educación social, baseada na participación da comunidade no seu propio proceso de transformación social. Cando falamos de participación, referímonos a aquela no sentido máis completo, pois non é, nin moito menos, un concepto plano nin exento de matices. Facendo mención a Robert Hart que establecía diferentes niveis de participación dun xeito gráfico na chamada “Escaleira de participación”. Neste caso, cando nos referimos a participación estamos a falar do nivel oito, aquela na que a acción é pensada pola poboación e comparada con axentes externos de desenvolvemento.

Volvendo ao tema inicial, consideramos que a Educación Ambiental non é só a aprendizaxe de aptitudes de cara á preservación do medio e á redución do noso impacto neste, senón que tamén debe facer referencia a relacións e dinámicas sociais que se xeran na comunidade interactuando co medio, para acadar un desenvolvemento integral e sostible. Por poñer algún exemplo, a reforma urbanística levada a cabo no barrio barcelonés da Barceloneta con motivo dos Xogos

Oímpicos celebrados nesa cidade no ano 1992. Ata esa data, a cidade vivía “de costas ao mar” e, para abril, precisouse derrubar un barrio de barracas á beira da praia. Como consecuencia inmediata, isto xerou importantes problemas sociais que levou consigo un plan de desenvolvemento comunitario, con importantes índices de éxito. Ou, por poñer un exemplo máis próximo, a vila ourensá de Allariz viviu un gran desenvolvemento comunitario a raíz dunha transformación no medio.

Por todo isto, o nome escollido para o grupo é A eira do Ceesg, xa que recolle estas dúas ideas por tratarse este dun lugar tradicional de realización de tarefas vinculadas coa terra e xerme de vínculos comunitarios.

Somos conscientes da complexidade de ambos termos, mais neste primeiro momento é interesante recollelos, para defini-los e reclamálos como espazos onde ten cabida a figura do educador e educadora social.

¿Ten cabido o/a educador/a social aquí?

Esta cuestión non é nova, xa no anterior congreso estatal de Educación Social celebrado en Valencia en maio de 2012 se intentou dar resposta.

O proxecto Fénix desenvolvido pola Sociedade Galega de Educación Ambiental, analizou a situación da profesión en Galicia e conclúen que respecto ao nivel de estudo das educadoras e educadores ambientais dispón formación universitaria (case 55%) mais non especifica a disciplina de procedencia.

Polo xeral, raras veces se asocian os ámbitos de Educación Social e Educación Ambiental, de feito, no Catálogo Nacional de Cualificacións aparecen como ámbitos ben distintos e en epígrafes separados. Quizais, un dos problemas polos que non se establece de forma directa relación entre ambas disciplinas, se deba a que ambas son relativamente novas. Pero afondemos nesta relación entre ambas.

Un paradigma de partida para a Educación Ambiental é que a crise ambiental ten unha dimensión social e que son necesarios profundos cambios sociais e económicos para alcanzar a sostibilidade, sendo indispensable o uso de ferramentas sociais e educativas para a capacitación e determinación das persoas na resolución dos problemas socioambientais. E isto entronca directamente coa Educación Social entre outras moitas disciplinas.

De feito, Jesús Antonio de la Osa Tomás e María Pilar Azara Fustero, autores da comunicación sobre este tema no citado Congreso, consideraban a Educación Ambiental como Educación Social, por converxencia de fins, ferramentas e instrumentos, non por especialización ou subdivisión dende un tronco común da Educación Social. Sen embargo, consideran estes autores que o concepto de Educación Ambiental como Educación Social non está asumido dentro dunha parte dos profesionais da Educación Social.

Está claro que aínda queda moito camiño por andar...

¿Qué imos facer?

En definitiva, o nosos obxectivos son defender e reivindicar a importancia do desenvolvemento comunitario como ferramenta clave de cambio e intervención social, reclamar o ámbito comunitario e ambiental como un espazo interdisciplinar onde ten cabida a figura do/a educador/a social e apostar e reivindicar o traballo comunitario como unha forma de ter no centro á persoa.

Para todo isto, dende o grupo abordaremos a conceptualización teórica do termo desenvolvemento comunitario e educación ambiental, analizaremos a situación das materias correspondentes no novo Grao de Educación social, investigaremos a situación destes dous ámbitos a nivel galego no que se refire a políticas, recursos e experiencias e, por suposto, estudaremos a figura do/a educador/a social vinculada a estes ámbitos.

Toda axuda é boa...

Como grupo de traballo aínda estamos a dar os nosos primeiros pasos, polo que sería moi ben recibida calquera persoa con experiencia neste ámbito pero, sobre todo, con ganas de engrandecer a nosa profesión.

Raquel López

“Coordinadora do grupo de traballo”

NOTAS:

A series of horizontal dotted lines for writing notes.

galicia



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
O Fondo Social invirte no teu futuro



XUNTA DE GALICIA